# *PROGRAMACIÓN DE BACHARELATO*

***CIENCIAS SOCIAIS; XEOGRAFÍA E HISTORIA***

***CURSO 2022-2023***

***I.E.S. “FÉLIX MURIEL”***

***RIANXO***

# CONTENIDO

SEGUNDO DE BACHARELATO: ........ 3

HISTORIA DE ESPAÑA ........ 3

INTRODUCCIÓN ........ 4
CONTIDOS,ESTÁNDARES E TEMPORALIZACIÓN ........ 4
ADECUACIÓN DOS ESTÁNDARES AO CONTIDOS MÍNIMOS ........ 20
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ........ 35
PROCEDEMENTOS. ........ 35
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ........ 36
CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN ........ 36
CRITERIOS DE AVALIACIÓN ........ 36
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN ........ 36
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS ........ 37
DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL ........ 38
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS ........ 39
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ........ 39

**2º BACHARELATO: XEOGRAFÍA, HISTORIA E ARTE DE GALICIA ........ 39**

CONTIDOS, ESTÁNDARES E TEMPORALIZACIÓN ........ 39
ADECUACIÓN DOS ESTÁNDARES AOS CONTIDOS MÍNIMOS ........ 43
CRITERIOS DE E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN ........ 48
DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL ........ 53
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ........ 53

**PARA TODOS OS CURSOS: ........ 54**

PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES ........ 54
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR ........ 54
ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC ........ 55
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ........ 55
INDICADORES DE LOGRO.REVISIÓN DAS PROGRAMACIÓNS. ........ 55

## SEGUNDO DE BACHARELATO:

### HISTORIA DE ESPAÑA

**Introdución**

O estudo da historia de España é esencial para o coñecemento e comprensión non só do noso pasado senón tamén do mundo actual. Non menos importante é o carácter formativo da materia de Historia de España, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico.

Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras. Historia de España de segundo curso de bacharelato pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais dos territorios que configuran o actual Estado español, prestando, cando cumpra, unha especial atención a Galicia, pero sen esquecer por iso a súa pluralidade interna e a súa pertenza a outros ámbitos máis amplos, coma o europeo e o iberoamericano. Neste sentido, a materia recolle, na análise dos procesos históricos, tanto os aspectos compartidos como os diferenciais.

Concibida como materia común para todas as modalidades de bacharelato, ofrécelles aos alumnos e ás alumnas que chegan á vida adulta a posibilidade de coñeceren a historia de España de xeito continuo e sistemático. Na distribución cronolóxica dos contidos outórgaselle unha maior importancia ao coñecemento da historia contemporánea, sen renunciar por iso aos referidos ás etapas anteriores, pois en grande medida a pluralidade da España actual só é comprensible se nos remontamos a procesos e feitos que teñen a súa orixe nun pasado remoto. Deste xeito, dedícase un primeiro bloque aos comezos da nosa historia, desde os primeiros humanos á monarquía visigoda; o segundo refírese á Idade Media, desde a conquista musulmá da Península; os dous seguintes estudan a Idade Moderna, ata as vésperas da Revolución Francesa; e os restantes a Idade Contemporánea.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos.

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios da historia de España. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental, e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando os ritmos e os estilos de aprendizaxe, e tendo en conta a atención á diversidade. A materia de Historia de España permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo

individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

## CONTIDOS, ESTÁNDARES E TEMPORALIZACIÓN

A temporalización ao longo do curso está distribuida en avaliacións. Para non colocar unha nova columna que complicaría a interpretación do cadro, a temporalización vai marcada en negrita na columna dos contidos e as avaliacións con cadansúa cor. Débese entender a temporalización de xeito flexible, pois normalmente non se cumple debido o nivel de partida do alumno, o seu ritmo de aprendizaxe (moi lento ao comezo pola dificuldade de traballar con comentarios) ou o seu interese pola materia.

Esta é a táboa cromática que permite identificar as avaliacións:

| | | |
|---|---|---|
| 1ªavaliación | 2ªavaliación | 3ªavaliación |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas. | ▪ B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade. | ▪ HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC | ▪ Setembro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.2. Análise e comentario de fontes. | ▪ B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos. | ▪ HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Ao longo do curso |
| ▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B0.3. Utilidade das fontes. | ▪ B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos. | ▪ HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Ao longo do curso |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B0.4. Mapas e liñas do tempo. | ▪ B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte | ▪ HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Setembro |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| ▪ i<br>▪ l | | da súa fiabilidade. | como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as. | | |
| | Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711) | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B1.1. Da prehistoria á monarquía visigoda: prehistoria (evolución do Paleolítico ao Neolítico; pintura cantábrica e levantina; importancia da metalurxia); configuración das áreas celta e ibérica (Tartesos, indoeuropeos e colonizadores orientais; cultura castrexa); Hispania romana (conquista e romanización da Península; legado cultural romano; exemplo galego); monarquía visigoda (ruralización da economía; poder da Igrexa e a nobreza). | ▪ B1.1. Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias. | ▪ HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio. | ▪ CCL<br>▪ CCS | ▪ Setembro |
| | | | ▪ HEB1.1.2. Identifica as diferenzas entre unha imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina. | ▪ CCEC | ▪ Setembro/outubro |
| | | | ▪ HEB1.1.3. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusións. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ Setembro/ outubro |
| | | | ▪ HEB1.1.4. Resume as características principais do reino de Tartesos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Setembro/outubro |
| | | | ▪ HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Setembro/outubro |
| | | | ▪ HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibérica e celta. | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Setembro /outubro |
| | | | ▪ HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ outubro |
| | | | ▪ HEB1.1.8. Compara o ritmo e grao de romanización dos territorios peninsulares. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ outubro |
| | | | ▪ HEB1.1.9. Resume as | ▪ CCL | ▪ outubro |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | | características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza. | ▪ CSC | |
| | | | ▪ HEB1.1.10. Procura información de interese (en libros e internet) sobre o mantemento cultural e artístico do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC | ▪ outubro |
| | | | ▪ HEB1.1.11. Representa unha liña do tempo desde 250 a.C. ata 711 d.C., e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ outubro |
| | | | ▪ HEB1.1.12. Partindo de fontes historiográficas, responde a cuestións ou situacións. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ outubro |
| | Bloque 2. A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474) | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ n | ▪ B2.1. Al-Andalus: conquista musulmá da Península; evolución política de Al-Andalus; revitalización económica e urbana; estrutura social; relixión, cultura e arte. | ▪ B2.1. Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e os cambios económicos, sociais e culturais que introduciron. | ▪ HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ outubro |
| | | | ▪ HEB2.1.2. Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1474 e sitúa nunha ringleira os principais acontecementos relativos a Al-Andalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ outubro |
| | | | ▪ HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ outubro |
| | | | ▪ HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ outubro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B2.2. Os reinos cristiáns do século XIII ao XV: evolución política; nacemento das Cortes. Os reinos cristiáns na baixa Idade Media (séculos XIV e XV): diferente evolución e organización política das coroas de Castela, Aragón e Navarra. Proceso de | ▪ B2.2. Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía. | ▪ HEB2.2.1. Describe as grandes etapas e as causas xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ outubro |
| | | | ▪ HEB2.2.2. Explica a orixe das Cortes nos reinos cristiáns e as súas principais funcións. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ outubro |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | reconquista e repoboación. | | ▪ HEB2.2.3. Compara a organización política da coroa de Castela, a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ outubro |
| | | | ▪ HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ outubro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B2.3. Os reinos cristiáns na Idade Media: réxime señorial e sociedade estamental. Tensións sociais. | ▪ B2.3. Diferenciar as tres grandes fases da evolución económica dos reinos cristiáns durante toda a Idade Media (estancamento, expansión e crise), e sinalar os seus factores e as súas características. | ▪ HEB2.3.1. Describe as grandes fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ outubro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B2.4. Os reinos cristiáns na Idade Media: do estancamento á expansión económica. Crises agraria e demográfica. | ▪ B2.4. Analizar a estrutura social dos reinos cristiáns e describir o réxime señorial e as características da sociedade estamental. | ▪ HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián. | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ outubro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B2.5. O Camiño de Santiago. Unha cultura plural: cristiáns, musulmáns e xudeus. Manifestacións artísticas. | ▪ B2.5. Describir as relacións culturais de cristiáns, musulmáns e xudeus, e especificar as súas colaboracións e as influencias mutuas. | ▪ HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ outubro |
| | | | ▪ HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC | ▪ outubro |
| | Bloque 3. A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700) | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B3.1. Os Reis Católicos: unión dinástica de Castela e Aragón; reorganización do Estado; política relixiosa; conquista de Granada; descuberta de América; incorporación de Navarra; relacións con Portugal. | ▪ B3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna, e identificar as reminiscencias medievais e os feitos salientables que abren o camiño á modernidade. | ▪ HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Outubro/novembro |
| | | | ▪ HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Outubro/novembro |
| | | | ▪ HEB3.1.3. Analiza as | ▪ CCL | ▪ Outubro/novembro |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | | relacións dos Reis Católicos con Portugal e os obxectivos que perseguían. | ▪ CAA<br>▪ CSC | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B3.2. Auxe do Imperio no século XVI: dominios de Carlos I e de Filipe II; modelo político dos Austrias; conflitos internos; conflitos relixiosos no seo do Imperio; conflitos exteriores; exploración e colonización de América e do Pacífico; política económica respecto a América; a revolución dos prezos e o custo do Imperio. | ▪ B3.2. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispánica durante o século XVI, diferenciando os reinados de Carlos I e Filipe II. | ▪ HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ novembro |
| | | | ▪ HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ novembro |
| | | | ▪ HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e a poboación americana. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ novembro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B3.3. Crise e decadencia do Imperio no século XVII: os validos; expulsión dos mouriscos; proxectos de reforma de Olivares; guerra dos Trinta Anos e perda da hexemonía en Europa en favor de Francia; rebelións de Cataluña e Portugal en 1640; Carlos II e o problema sucesorio; crise demográfica e económica. | ▪ B3.3. Explicar as causas e as consecuencias da decadencia da monarquía hispánica no século XVII, relacionando os problemas internos, a política exterior e a crise económica e demográfica. | ▪ HEB3.3.1. Describe a práctica do valemento e os seus efectos na crise da monarquía. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ novembro |
| | | | ▪ HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ novembro |
| | | | ▪ HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a monarquía hispánica e para Europa. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ novembro |
| | | | ▪ HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ novembro |
| | | | ▪ HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ novembro |
| | | | ▪ HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ novembro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B3.4. Século de Ouro español: do Humanismo á Contrarreforma; Renacemento e Barroco na literatura e na arte. | ▪ B3.4. Recoñecer as grandes achegas culturais e artísticas do Século de Ouro español, extraendo información de interese en fontes primarias e | ▪ HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ novembro |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| ▪ m<br>▪ n<br>▪ p | | secundarias (en bibliotecas, internet, etc.). | español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo. | | |
| | Bloque 4. España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788) | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B4.1. Cambio dinástico e Guerra de Sucesión: unha contenda civil e europea; a Paz de Utrecht e o novo equilibrio europeo; os pactos de familia con Francia. | ▪ B4.1. Analizar a Guerra de Sucesión española como contenda civil e europea, e explicar as súas consecuencias para a política exterior española e a nova orde internacional. | ▪ HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ novembro |
| | | | ▪ HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ novembro |
| | | | ▪ HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ novembro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B4.2. Reformas institucionais: novo modelo de Estado; Administración en América; Facenda Real; relacións Igrexa-Estado. | ▪ B4.2. Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas promovidas polos primeiros monarcas da dinastía borbónica. | ▪ HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ novembro |
| | | | ▪ HEB4.2.2. Elabora un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ novembro |
| | | | ▪ HEB4.2.3. Explica as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ novembro |
| | | | ▪ HEB4.2.4. Describe as relacións Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ novembro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B4.3. Economía e política económica: recuperación demográfica; problemas da agricultura, a industria e o comercio; liberalización do comercio con América. | ▪ B4.3. Comentar a situación inicial dos sectores económicos, detallando os cambios introducidos e os obxectivos da nova política económica. | ▪ HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ novembro |
| | | | ▪ HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ novembro |
| | | | ▪ HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ novembro |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B4.4. Engalaxe económica de Cataluña. Estancamento económico de Galicia. | ▪ B4.4. Explicar a engalaxe económica de Cataluña, en comparación coa evolución económica do resto de España. | ▪ HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ novembro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B4.5. A Ilustración en España e Galicia: proxectistas, anovadores e ilustrados; despotismo ilustrado; novo concepto de educación; Sociedades Económicas de Amigos do País; prensa periódica. | ▪ B4.5. Expor os conceptos fundamentais do pensamento ilustrado, identificando as súas vías de difusión. | ▪ HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da Ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ novembro |
| | | | ▪ HEB4.5.2. Razoa a importancia das Sociedades Económicas de Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores da Ilustración. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ novembro |
| | Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B5.1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia. | ▪ B5.1. Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España. | ▪ HEB5.1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Novembro/decembro |
| | | | ▪ HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Novembro/decembro |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B5.2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812. | ▪ B5.2. Comentar o labor lexislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do liberalismo. | ▪ HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ decembro |
| | | | ▪ HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ decembro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista. | ▪ B5.3. Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha. | ▪ HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ decembro |
| | | | ▪ HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ decembro |
| | | | ▪ HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ decembro |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | | os principais acontecementos históricos. | | |
| | | | ▪ HEB5.3.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ decembro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B5.4. Emancipación da América española: protagonismo crioulo; fases do proceso; repercusións para España. | ▪ B5.4. Explicar o proceso de independencia das colonias americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España. | ▪ HEB5.4.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ decembro |
| | | | ▪ HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ decembro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B5.5. A obra de Goya como testemuño da época. | ▪ B5.5. Relacionar as pinturas e os gravados de Goya cos acontecementos deste período, e identificar nelas o reflexo da situación e os feitos contemporáneos. | ▪ HEB5.5.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ decembro |
| | Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874) | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.1. O carlismo como derradeiro bastión absolutista: ideario e apoios sociais; as dúas primeiras guerras carlistas. | ▪ B6.1. Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias. | ▪ HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais. | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Xaneiro |
| | | | ▪ HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ xaneiro |
| | | | ▪ HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ xaneiro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de clases. | ▪ B6.2. Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais. | ▪ HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ xaneiro |
| | | | ▪ HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ xaneiro |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | | o papel dos militares. | | |
| | | | ▪ HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ xaneiro |
| | | | ▪ HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ xaneiro |
| | | | ▪ HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ xaneiro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B6.3. Proceso constitucional. | ▪ B6.3. Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, en relación coas correntes ideolóxicas dentro do liberalismo e a súa loita polo poder. | ▪ HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ xaneiro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira guerra carlista e insurrección cantonal. | ▪ B6.4. Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país. | ▪ HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Febreiro |
| | | | ▪ HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Febreiro |
| | | | ▪ HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas. | ▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Febreiro |
| ▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B6.5. Inicios do movemento obreiro español: condicións de vida da poboación obreira e labrega; a Asociación Internacional de Traballadores e o xurdimento das correntes anarquista e socialista. | ▪ B6.5. Describir as condicións de vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España, en relación co desenvolvemento do movemento obreiro internacional. | ▪ HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Febreiro |
| | Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902) | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B7.1. Teoría e realidade do sistema canovista: inspiración no modelo inglés; a Constitución de 1876 e o bipartidismo; quenda de partidos, | ▪ B7.1. Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real. | ▪ HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ febreiro |
| | | | ▪ HEB7.1.2. Especifica as características esenciais | ▪ CCL | ▪ Febreiro |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | caciquismo e fraude electoral. | | da Constitución de 1876. | ▪ CSC | |
| | | | ▪ HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Febreiro |
| | | | ▪ HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Febreiro |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B7.2. Oposición ao sistema: catalanismo, nacionalismo vasco, rexionalismo galego e movemento obreiro. | ▪ B7.2. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución durante o período estudado. | ▪ HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | Marzo |
| | | | ▪ HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Marzo |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B7.3. Éxitos políticos: estabilidade e consolidación do poder civil; liquidación do problema carlista; solución temporal do problema de Cuba. | ▪ B7.3. Describir os principais logros do reinado de Afonso XII e a rexencia de María Cristina, inferindo as súas repercusións na consolidación do novo sistema político. | ▪ HEB7.3.1. Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso XII co das etapas precedentes do século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB7.3.2. Describe a orixe, o desenvolvemento e as repercusións da terceira guerra carlista. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B7.4. Perda das derradeiras colonias e crise de 1898: guerra de Cuba e con Estados Unidos; Tratado de París; rexeneracionismo. | ▪ B7.4. Explicar o desastre colonial e a crise do 98, identificando as súas causas e as súas consecuencias. | ▪ HEB7.4.1. Explica a política española respecto ao problema de Cuba. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB7.4.2. Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB7.4.3. Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Marzo |
| | Bloque 8. Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B8.1. Lento crecemento da poboación: mantemento dun réxime demográfico antigo; excepción de Cataluña. | ▪ B8.1. Explicar a evolución demográfica de España ao longo do século XIX, comparando o crecemento | ▪ HEB8.1.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| ▪ i<br>▪ l<br>▪ p | | da poboación española no seu conxunto co de Cataluña e o dos países máis avanzados de Europa. | ▪ HEB8.1.2. Compara a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España no século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l<br>▪ p | ▪ B8.2. Economía española no XIX: agricultura protexida e estancada (efectos das desamortizacións; baixos rendementos); deficiente industrialización (industria téxtil catalá, siderurxia e a minaría); dificultades dos transportes (condicionamentos xeográficos; rede de ferrocarrís); comercio (proteccionismo fronte a librecambismo); finanzas (a peseta como unidade monetaria; desenvolvemento da banca moderna; problemas da Facenda; investimentos estranxeiros. O caso galego. | ▪ B8.2. Analizar os sectores económicos e especificar a situación herdada, as transformacións de signo liberal e as consecuencias que se derivan delas. | ▪ HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB8.2.2. Especifica as causas dos baixos rendementos da agricultura española do século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB8.2.4. Compara a revolución industrial española coa dos países máis avanzados de Europa. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB8.2.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB8.2.7. Compara os apoios, os argumentos e as actuacións de proteccionistas e librecambistas ao longo do século XIX. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB8.2.8. Explica o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB8.2.9. Explica a reforma Mon-Santillán da Facenda pública e os seus efectos. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB8.2.10. Especifica como os investimentos en España de Francia e de Inglaterra afectaron o modelo de desenvolvemento | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | | económico español durante o século XIX. | | |
| | Bloque 9. A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931) | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B9.1. Intentos de modernización do sistema: revisionismo político dos primeiros gobernos de Afonso XIII; oposición de republicanos e nacionalistas cataláns, vascos, galegos e andaluces. | ▪ B9.1. Relacionar o rexeneracionismo xurdido da crise do 98 co revisionismo político dos primeiros gobernos, e especificar as súas actuacións máis importantes. | ▪ HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB9.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1902 ata 1931, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB9.1.3. Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B9.2. Quebra do sistema: impacto dos acontecementos exteriores (intervención en Marrocos; I Guerra Mundial; Revolución Rusa); crecente axitación social (Semana Tráxica de Barcelona; crise xeral de 1917; "trienio bolchevique" en Andalucía). | ▪ B9.2. Analizar as causas da quebra do sistema político da Restauración e identificar os factores internos e os externos. | ▪ HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB9.2.2. Explica as repercusións da I Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB9.2.3. Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| | | | ▪ HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B9.3. Ditadura de Primo de Rivera: directorio militar e directorio civil; remate da guerra de Marrocos; caída da ditadura; afundimento da monarquía. | ▪ B9.3. Explicar a ditadura de Primo de Rivera como solución autoritaria á crise do sistema, e describir as súas características, etapas e actuacións. | ▪ HEB9.3.1. Especifica as causas do golpe de estado de Primo de Rivera e os apoios con que contou inicialmente. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo/abril |
| | | | ▪ HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio civil e o seu remate. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo/abril |
| | | | ▪ HEB9.3.3. Explica as causas da caída da monarquía. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo/abril |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B9.4. Crecemento económico e cambios demográficos no primeiro terzo do século: efectos da Guerra Mundial na economía española; intervencionismo estatal da ditadura; transición ao réxime demográfico moderno; movementos migratorios; transvasamento de poboación da agricultura á industria. | ▪ B9.4. Explicar a evolución económica e demográfica no primeiro terzo do século XX, en relación coa situación herdada do século XIX. | ▪ HEB9.4.1. Analiza os efectos da I Guerra Mundial sobre a economía española. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo/abril |
| | | | ▪ HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo/abril |
| | | | ▪ HEB9.4.3. Explica os factores da evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Marzo/abril |
| | Bloque 10. A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939) | | | | |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B10.1. A II República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración. | ▪ B10.1. Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflitividade social. | ▪ HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB10.1.2. Diferencia as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B10.2. Evolución política durante a II República: bienio reformista (Constitución de 1931; política de reformas; Estatuto de Cataluña; forzas de oposición á República); bienio radical-cedista (política restauradora e radicalización popular; revolución de Asturias); Fronte Popular (primeiras actuacións do Goberno; preparación do golpe militar). | ▪ B10.2. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha. | ▪ HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Abril |

| Historia de España. 2º de bacharelato | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | | actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra. | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B10.3. Guerra Civil: sublevación e desenvolvemento da guerra; dimensión internacional do conflito; evolución das dúas zonas; consecuencias da guerra. | ▪ B10.3. Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas. | ▪ HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB10.3.5. Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB10.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B10.4. Idade de Prata da cultura española: da xeración do 98 á do 36. | ▪ B10.4. Valorar a importancia da Idade de Prata da cultura española, e expor as achegas das xeracións e das figuras máis representativas. | ▪ HEB10.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a Idade de Prata da cultura española. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC | ▪ Abril |
| | Bloque 11. A ditadura franquista (1939-1975) | | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B11.1. Características e evolución do franquismo: postguerra (grupos ideolóxicos e apoios sociais do franquismo; oscilantes relacións co exterior; configuración política do novo Estado; represión política; autarquía económica); anos do "desenvolvemento" (plans de desenvolvemento e o crecemento económico; transformacións sociais; reafirmación política do | ▪ B11.1. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación coa cambiante situación internacional. | ▪ HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB11.1.3. Explica a | ▪ CCL | ▪ Abril |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | réxime; política exterior; crecente oposición ao franquismo); fin do franquismo (inestabilidade política; dificultades exteriores; efectos da crise económica internacional de 1973). | | organización política do Estado franquista. | ▪ CSC | |
| | | | ▪ HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica do país. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Abril |
| | | | ▪ HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Maio |
| | | | ▪ HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Maio |
| | | | ▪ HEB11.1.11. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | Maio |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ m<br>▪ p | ▪ B11.2. Cultura española durante o franquismo: cultura oficial; cultura do exilio; cultura interior á marxe do sistema. | ▪ B11.2. Describir a diversidade cultural do período, distinguindo as súas manifestacións. | ▪ HEB11.2.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo. | ▪ CCL<br>CD<br>▪ CSIEE<br>CCEC | ▪ Maio |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | Bloque 12. Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975) | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B12.1. Transición á democracia: crise económica mundial; alternativas políticas ao franquismo, continuísmo, reforma ou ruptura; o papel do Rei; a lei para a reforma política; primeiras eleccións democráticas. | ▪ B12.1. Describir as dificultades da transición á democracia desde o franquismo nun contexto de crise económica, e explicar as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas. | ▪ HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Maio |
| | | | ▪ HEB12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Maio |
| | | | ▪ HEB12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Maio |
| | | | ▪ HEB12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Maio |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ p | ▪ B12.2. Período constituínte: Pactos da Moncloa; preautonomías de Cataluña e o País Vasco; Constitución de 1978 e Estado das autonomías. O caso de Galicia. | ▪ B12.2. Caracterizar o novo modelo de Estado democrático establecido na Constitución de 1978, especificando as actuacións previas encamiñadas a alcanzar o máis amplo acordo social e político. | ▪ HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Maio |
| | | | ▪ HEB12.2.2. Describe como se estableceron as preautonomías de Cataluña e o País Vasco. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Maio |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B12.3. Gobernos constitucionais: problema do terrorismo; golpe de Estado frustrado de 1981; ingreso na OTAN; plena integración en Europa. | ▪ B12.3. Analizar a evolución económica, social e política de España desde o primeiro Goberno constitucional de 1979 ata a aguda crise económica iniciada en 2008, sinalando as ameazas máis salientables ás que se enfronta e os efectos da plena integración en Europa. | ▪ HEB12.3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Maio |
| | | | ▪ HEB12.3.2. Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Maio |
| | | | ▪ HEB12.3.3. Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo en 1979 ata o comezo da crise financeira mundial de 2008. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Maio |
| | | | ▪ HEB12.3.4. Analiza o impacto da ameaza | ▪ CCL | ▪ Maio |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | | terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc. | ▪ CSC | |
| | | | ▪ HEB12.3.5. Representa unha liña do tempo desde 1975 ata os nosos días, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ CMCCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Maio |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B12.4. Papel de España no mundo actual. | ▪ B12.4. Resumir o papel de España no mundo actual, especificando a súa posición na Unión Europea e as súas relacións con outros ámbitos xeopolíticos. | ▪ HEB12.4.1. Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Maio |

# ADECUACIÓN DOS ESTÁNDARES AO CONTIDOS MÍNIMOS

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| ▪ B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable | ▪ HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente | ▪ Identificación das fontes históricas e valoración das mesmas. |

| | | |
|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
| sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade. | salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición. | |
| ▪ B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos. | ▪ HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos. | ▪ Identificación das fontes históricas e valoración das mesmas |
| ▪ B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecementos previos. | ▪ HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas. | ▪ Identificación das fontes históricas e valoración das mesmas |
| ▪ B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade. | ▪ HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as. | ▪ Identificación das fontes históricas e valoración das mesmas |
| | | |
| ▪ B1.1. Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias. | ▪ HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio. | ▪ Identificar e comprender os rasgos básicos da prehistoria |
| | ▪ HEB1.1.2. Identifica as diferenzas entre unha imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina. | ▪ Identificar e comprender os rasgos básicos da prehistoria |
| | ▪ HEB1.1.3. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusións. | ▪ Identificar e comprender os rasgos básicos da prehistoria |
| | ▪ HEB1.1.4. Resume as características principais do reino de Tartesos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento. | ▪ Identificar e comprender os rasgos básicos da prehistoria |
| | ▪ HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos. | ▪ Identificar e comprender os rasgos básicos da prehistoria |
| | ▪ HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas | ▪ Identificar e comprender os rasgos básicos da prehistoria |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| | ibérica e celta. | |
| | ▪ HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo. | ▪ Identificar e valorar o impacto da Romanización e a súa influenza na historia de España |
| | ▪ HEB1.1.8. Compara o ritmo e grao de romanización dos territorios peninsulares. | ▪ Identificar e valorar o impacto da Romanización e a súa influenza na historia de España |
| | ▪ HEB1.1.9. Resume as características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza. | ▪ Identificar e valorar o impacto da Romanización e a súa influenza na historia de España |
| | ▪ HEB1.1.10. Procura información de interese (en libros e internet) sobre o mantemento cultural e artístico do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición. | ▪ Identificar e valorar o impacto da Romanización e a súa influenza na historia de España |
| | ▪ HEB1.1.11. Representa unha liña do tempo desde 250 a.C. ata 711 d.C., e sitúa nela os.principais acontecementos históricos. | ▪ Manexar e crear cadros e mapas do tempo |
| | ▪ HEB1.1.12. Partindo de fontes historiográficas, responde a cuestións ou situacións. | ▪ Identificación das fontes históricas e valoración das mesmas |
| ▪ B2.1. Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e os cambios económicos, sociais e culturais que introduciron. | ▪ HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península. | ▪ Indentificar e comprender os principais feitos da Idade media: a ocupación islámica e a Reconquista-Repoboación |
| | ▪ HEB2.1.2. Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1474 e sitúa nunha ringleira os principais acontecementos relativos a Al-Andalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns. | ▪ Manexar e crear cadros e mapas do tempo |
| | ▪ HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus. | ▪ Indentificar e comprender os principais feitos da Idade media: a ocupación islámica e a Reconquista-Repoboación |
| | ▪ HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus. | ▪ Valoración do legado cultural andalusí |
| ▪ B2.2. Explicar a evolución e configuración política dos | ▪ HEB2.2.1. Describe as grandes etapas e as causas | ▪ Identificación das distintas etapas da Reconquista e a |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía. | xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da Idade Media. | súa influenza no mapa político-lingüístico actual |
| | ▪ HEB2.2.2. Explica a orixe das Cortes nos reinos cristiáns e as súas principais funcións. | ▪ Indentificar e comprender os principais feitos da Idade media: a ocupación islámica e a Reconquista-Repoboación |
| | ▪ HEB2.2.3. Compara a organización política da coroa de Castela, a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media. | ▪ Indentificar e comprender os principais feitos da Idade media: a ocupación islámica e a Reconquista-Repoboación |
| | ▪ HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias. | ▪ Indentificar e comprender os principais feitos da Idade media: a ocupación islámica e a Reconquista-Repoboación |
| ▪ B2.3. Diferenciar as tres grandes fases da evolución económica dos reinos cristiáns durante toda a Idade Media (estancamento, expansión e crise), e sinalar os seus factores e as súas características. | ▪ HEB2.3.1. Describe as grandes fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media. | ▪ Indentificar e comprender os principais feitos da Idade media: a ocupación islámica e a Reconquista-Repoboación |
| ▪ B2.4. Analizar a estrutura social dos reinos cristiáns e describir o réxime señorial e as características da sociedade estamental. | ▪ HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián. | ▪ Indentificar e comprender os principais feitos da Idade media: a ocupación islámica e a Reconquista-Repoboación |
| ▪ B2.5. Describir as relacións culturais de cristiáns, musulmáns e xudeus, e especificar as súas colaboracións e as influencias mutuas. | ▪ HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución. | ▪ Valoración do legado medieval |
| | ▪ HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición. | ▪ Manexo e creación de documentos |
| | | |
| ▪ B3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna, e identificar as reminiscencias medievais e os feitos salientables que abren o camiño á modernidade. | ▪ HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado. | ▪ Identificar e analizar o proceso de integración da España moderna, cas súas limitacións |
| | ▪ HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492. | ▪ Identificar e analizar o proceso de integración da España moderna, cas súas limitacións |

| | | |
|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
| | ▪ HEB3.1.3. Analiza as relacións dos Reis Católicos con Portugal e os obxectivos que perseguían. | ▪ Identificar e analizar o proceso de integración da España moderna, cas súas limitacións |
| ▪ B3.2. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispánica durante o século XVI, diferenciando os reinados de Carlos I e Filipe II. | ▪ HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron. | ▪ Identificar e analizar o proceso de integración da España moderna, cas súas limitacións |
| | ▪ HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI. | ▪ Identificar e analizar o proceso de integración da España moderna, cas súas limitacións |
| | ▪ HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e a poboación americana. | ▪ Identificar e analizar o proceso de integración da España moderna, cas súas limitacións |
| ▪ B3.3. Explicar as causas e as consecuencias da decadencia da monarquía hispánica no século XVII, relacionando os problemas internos, a política exterior e a crise económica e demográfica. | ▪ HEB3.3.1. Describe a práctica do valemento e os seus efectos na crise da monarquía. | ▪ Identificar e analizar o proceso de integración da España moderna, cas súas limitacións |
| | ▪ HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares. | ▪ Identificar e analizar o proceso de integración da España moderna, cas súas limitacións |
| | ▪ HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a monarquía hispánica e para Europa. | ▪ Identificar e analizar o proceso de integración da España moderna, cas súas limitacións |
| | ▪ HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640. | ▪ Identificar e analizar o proceso de integración da España moderna, cas súas limitacións |
| | ▪ HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias. | ▪ Identificar e analizar o proceso de integración da España moderna, cas súas limitacións |
| | ▪ HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ Manexo e creación de documentos e esquemas |
| ▪ B3.4. Recoñecer as grandes achegas culturais e artísticas do Século de Ouro español, extraendo información de interese en fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, internet, etc.). | ▪ HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo. | ▪ Valoración do legado cultural dos ss XVI-XVII |
| ▪ B4.1. Analizar a Guerra de Sucesión española como | ▪ HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión | ▪ O centralismo borbónico: rasgos políticos e |

| | | |
|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
| contenda civil e europea, e explicar as súas consecuencias para a política exterior española e a nova orde internacional. | Española e a composición dos bandos en conflito. | administrativos |
| | ▪ HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ |
| | ▪ HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela. | ▪ O centralismo borbónico: rasgos políticos e administrativos |
| ▪ B4.2. Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas promovidas polos primeiros monarcas da dinastía borbónica. | ▪ HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico. | ▪ O centralismo borbónico: rasgos políticos e administrativos |
| | ▪ HEB4.2.2. Elabora un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns. | ▪ O centralismo borbónico: rasgos políticos e administrativos |
| | ▪ HEB4.2.3. Explica as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real. | ▪ O centralismo borbónico: rasgos políticos e administrativos |
| | ▪ HEB4.2.4. Describe as relacións Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas. | ▪ O centralismo borbónico: rasgos socio-culturais |
| ▪ B4.3. Comentar a situación inicial dos sectores económicos, detallando os cambios introducidos e os obxectivos da nova política económica. | ▪ HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior. | ▪ O centralismo borbónico: poboación |
| | ▪ HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector. | ▪ O despotismo ilustrado: rasgos principais |
| | ▪ HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América. | ▪ O despotismo ilustrado: administración colonial. Causas do descontento americano |
| ▪ B4.4. Explicar a engalaxe económica de Cataluña, en comparación coa evolución económica do resto de España. | ▪ HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII. | ▪ Causas do despegue económico do século XVIII |
| ▪ B4.5. Expor os conceptos fundamentais do pensamento ilustrado, identificando as súas vías de difusión. | ▪ HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da Ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado. | ▪ O reformsmo Ilustrado e a Ilustración |
| | ▪ HEB4.5.2. Razoa a importancia das Sociedades | ▪ O reformsmo Ilustrado e a Ilustración |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| | Económicas de Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores da Ilustración. | |
| ▪ B5.1. Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España. | ▪ HEB5.1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia. | ▪ A crise do antigo réxime |
| | ▪ HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos. | ▪ Entender as consecuencias da Guerra da Independencia e o seu efecto na crise do AR |
| ▪ B5.2. Comentar o labor lexislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do liberalismo. | ▪ HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime. | ▪ Comprensión do contexto histórico no desenvolvemento das Cortes de Cádiz |
| | ▪ HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812. | ▪ Identificar os rasgos básicos da constitución de 1812 |
| ▪ B5.3. Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha. | ▪ HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII. | ▪ Diferenciar as fases do reinado de Fernando VII e a súa influenza na historia |
| | ▪ HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente. | ▪ Comprender o vinculo entre o conflito dinástico e o trunfo do estado liberal |
| | ▪ HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ Interpretación e realización de cadros e liñas de tempo |
| | ▪ HEB5.3.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués. | ▪ Comparativa do AR e o sistema liberal |
| ▪ B5.4. Explicar o proceso de independencia das colonias americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España. | ▪ HEB5.4.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas. | ▪ Causas da independencia americana |
| | ▪ HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas. | ▪ Consecuencias da independencia americana |
| ▪ B5.5. Relacionar as pinturas e os gravados de Goya cos | ▪ HEB5.5.1. Procura información de interese (en | ▪ Avaliar a obra artística de Goya como un documento |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| acontecementos deste período, e identificar nelas o reflexo da situación e os feitos contemporáneos. | libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra. | histórico da súa época |
| ▪ B6.1. Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias. | ▪ HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais. | ▪ Diferenciar as distintas faccións políticas do estado isabelino. |
| | ▪ HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas. | ▪ Comprender o vinculo entre o conflito dinástico e o trunfo do estado liberal |
| | ▪ HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ Interpretación e realización de cadros e liñas de tempo |
| ▪ B6.2. Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais. | ▪ HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II. | ▪ Diferenciar as distintas faccións políticas do estado isabelino. |
| | ▪ HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares. | ▪ Diferenciar as etapas do reinado de Isabel II e o partido dominante nelas. |
| | ▪ HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II. | ▪ Comprender as reformas económicas do estado Liberal |
| | ▪ HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra. | ▪ Valorar o impacto económico-politico e cultural da Desamortización |
| | ▪ HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime. | ▪ Identificar as diferencias entre a sociedade estamental e a de clases |
| ▪ B6.3. Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, en relación coas correntes ideolóxicas dentro do liberalismo e a súa loita polo poder. | ▪ HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845. | ▪ Identificación e comparativa das constitucións decimonónicas |
| ▪ B6.4. Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía | ▪ HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático. | ▪ Diferenciación das etapas do Sexenio e principais partidos |
| | ▪ HEB6.4.2. Describe as | ▪ Identificación e comparativa |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país. | características esenciais da Constitución democrática de 1869. | das constitucións decimonónicas |
| | ▪ HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas. | ▪ Diferenciación das etapas do Sexenio e principais partidos |
| ▪ B6.5. Describir as condicións de vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España, en relación co desenvolvemento do movemento obreiro internacional. | ▪ HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional. | ▪ Diferenciación das etapas do Sexenio e principais partidos |
| | | |
| ▪ B7.1. Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real. | ▪ HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas. | ▪ Características básicas do sistema da Restauración |
| | ▪ HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876. | ▪ Identificación e comparativa das constitucións decimonónicas |
| | ▪ HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración. | ▪ Características básicas do sistema da Restauración |
| | ▪ HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ Realización e interpretación de cadros e liñas temporais |
| ▪ B7.2. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución durante o período estudado. | ▪ HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego. | ▪ Orixes e bases dos movementos rexionalistas-nacionalistas |
| | ▪ HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX. | ▪ Comprensión da evolución dos movementos obreiros no XIX |
| ▪ B7.3. Describir os principais logros do reinado de Afonso XII e a rexencia de María Cristina, inferindo as súas repercusións na consolidación do novo sistema político. | ▪ HEB7.3.1. Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso XII co das etapas precedentes do século XIX. | ▪ Características básicas do sistema da Restauración |
| | ▪ HEB7.3.2. Describe a orixe, o desenvolvemento e as repercusións da terceira guerra carlista. | ▪ Características básicas do sistema da Restauración |
| ▪ B7.4. Explicar o desastre colonial e a crise do 98, | ▪ HEB7.4.1. Explica a política española respecto ao | ▪ Características básicas do sistema da Restauración |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| identificando as súas causas e as súas consecuencias. | problema de Cuba. | |
| | ▪ HEB7.4.2. Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París. | ▪ Características básicas do sistema da Restauración |
| | ▪ HEB7.4.3. Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico. | ▪ Vincular a situación histórica co contexto cultural |
| | | |
| ▪ B8.1. Explicar a evolución demográfica de España ao longo do século XIX, comparando o crecemento da poboación española no seu conxunto co de Cataluña e o dos países máis avanzados de Europa. | ▪ HEB8.1.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX. | ▪ Identificar os rasgos do réxime demográfico antigo |
| | ▪ HEB8.1.2. Compara a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España no século XIX. | ▪ Identificar os rasgos do réxime demográfico antigo |
| ▪ B8.2. Analizar os sectores económicos e especificar a situación herdada, as transformacións de signo liberal e as consecuencias que se derivan delas. | ▪ HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz. | ▪ Valorar o impacto económico-politico e cultural da Desamortización |
| | ▪ HEB8.2.2. Especifica as causas dos baixos rendementos da agricultura española do século XIX. | ▪ Identificar os problemas da agricultura no século XIX |
| | ▪ HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX. | ▪ Identificar os rasgos básicos da industrialización española: debilidades, principais focos, sectores punteiros… |
| | ▪ HEB8.2.4. Compara a revolución industrial española coa dos países máis avanzados de Europa. | ▪ Identificar os rasgos básicos da industrialización española: debilidades, principais focos, sectores punteiros… |
| | ▪ HEB8.2.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos. | ▪ Identificar os principais problemas para a creación dunha economía moderna |
| | ▪ HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855. | ▪ Identificar os principais problemas para a creación dunha economía moderna |
| | ▪ HEB8.2.7. Compara os apoios, os argumentos e as actuacións de proteccionistas e librecambistas ao longo do século XIX. | ▪ Identificar os principais problemas para a creación dunha economía moderna |
| | ▪ HEB8.2.8. Explica o proceso | ▪ Identificar os principais |

| | |
|---|---|
| | |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| | que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna. | problemas para a creación dunha economía moderna |
| | ▪ HEB8.2.9. Explica a reforma Mon-Santillán da Facenda pública e os seus efectos. | ▪ Identificar os principais problemas para a creación dunha economía moderna |
| | ▪ HEB8.2.10. Especifica como os investimentos en España de Francia e de Inglaterra afectaron o modelo de desenvolvemento económico español durante o século XIX. | ▪ Identificar os principais problemas para a creación dunha economía moderna |

| | |
|---|---|
| | |

| | | |
|---|---|---|
| ▪ B9.1. Relacionar o rexeneracionismo xurdido da crise do 98 co revisionismo político dos primeiros gobernos, e especificar as súas actuacións máis importantes. | ▪ HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas. | ▪ Causas da crise de Restauración |
| | ▪ HEB9.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1902 ata 1931, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ Causas da crise de Restauración |
| | ▪ HEB9.1.3. Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración. | ▪ Causas da crise de Restauración |
| ▪ B9.2. Analizar as causas da quebra do sistema político da Restauración e identificar os factores internos e os externos. | ▪ HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas. | ▪ Causas da crise de Restauración |
| | ▪ HEB9.2.2. Explica as repercusións da I Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España. | ▪ Causas da crise de Restauración |
| | ▪ HEB9.2.3. Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927. | ▪ Causas da crise de Restauración |
| | ▪ HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias. | ▪ Causas da crise de Restauración |
| ▪ B9.3. Explicar a ditadura de Primo de Rivera como solución autoritaria á crise do sistema, e describir as súas características, etapas e actuacións. | ▪ HEB9.3.1. Especifica as causas do golpe de estado de Primo de Rivera e os apoios con que contou inicialmente. | ▪ Identificar as causas do golpe de estado de Primo de Rivera |
| | ▪ HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio | ▪ Indentificar as etapas da dictarua de Primo de Rivera |

| | | |
|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
| | civil e o seu remate. | |
| | ▪ HEB9.3.3. Explica as causas da caída da monarquía. | ▪ Contexto histórico da crise da Restauración |
| ▪ B9.4. Explicar a evolución económica e demográfica no primeiro terzo do século XX, en relación coa situación herdada do século XIX. | ▪ HEB9.4.1. Analiza os efectos da I Guerra Mundial sobre a economía española. | ▪ Contexto histórico da crise da Restauración |
| | ▪ HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera. | ▪ Contexto económico da dictadura |
| | ▪ HEB9.4.3. Explica os factores da evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX. | ▪ Cambios sociais nos comezos do XX: a urbanización da poboación |
| | | |
| ▪ B10.1. Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflitividade social. | ▪ HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30. | ▪ Identifica as causas do trunfo da II República e os seus principais valedores.<br>▪ Comprensión do contexto histórico complicado no que se moveu |
| | ▪ HEB10.1.2. Diferencia as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións. | ▪ Identificar os sectores opostos á República e as razóns da súa oposición |
| ▪ B10.2. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha. | ▪ HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República. | ▪ Identificar e comentar as principais reformas republicnas e a oposición que xeraron |
| | ▪ HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931. | ▪ Comparativa das constitucións españolas no seu contexto histórico |
| | ▪ HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos. | ▪ Identificar e comentar as principais reformas republicnas e a oposición que xeraron |
| | ▪ HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior. | ▪ Identificar e comentar as principais reformas republicnas e a oposición que xeraron<br>▪ Identificar as etapas da República e os seus problemas |
| | ▪ HEB10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934. | ▪ Identificar as etapas da República e os seus problemas |
| | ▪ HEB10.2.6. Explica as causas | ▪ Identificar as etapas da |

| | | |
|---|---|---|
| | | |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| | da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra. | República e os seus problemas |
| ▪ B10.3. Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas. | ▪ HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil. | ▪ Identificar e comentar as principais reformas republicnas e a oposición que xeraron |
| | ▪ HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional. | ▪ Insertar a guerra civil no contexto de Entreguerras e na oposións fascismo-democracia |
| | ▪ HEB10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra. | ▪ Identificar as etapas da Guerra<br>▪ Comprender e comparar a evolución político-económica dos dous bandos. |
| | ▪ HEB10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra. | ▪ Identificar e valorar as consecuencias da Guerra |
| | ▪ HEB10.3.5. Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar. | ▪ Identificar as etapas da Guerra<br>▪ |
| | ▪ HEB10.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ Identificar as etapas da Guerra<br>▪ Realización e comprensión de esquemas e liñas temporais |
| ▪ B10.4. Valorar a importancia da Idade de Prata da cultura española, e expor as achegas das xeracións e das figuras máis representativas. | ▪ HEB10.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a Idade de Prata da cultura española. | ▪ Realización e comprensión de esquemas e liñas temporais |

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| ▪ B11.1. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación coa cambiante situación internacional. | ▪ HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial. | ▪ Realización e comprensión de esquemas e liñas temporais.<br>▪ Identificar as bases sociais do Franquismo |
| | ▪ HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha. | ▪ Identificar e comentar as etapas do fascismo.<br>▪ Situar o contexto histórico do Franquismo. |
| | ▪ HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista. | ▪ Identificar os rasgos político-ideolóxicos do Franquismo |
| | ▪ HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación | ▪ Explicar a evolución do contexto histórico internacional ao longo da etapa, e como |

| | | |
|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
| | económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959. | aquel afectaba ao Réxime |
| | ▪ HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973. | ▪ Explicar a evolución do contexto histórico internacional ao longo da etapa, e como aquel afectaba ao Réxime |
| | ▪ HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973. | ▪ Identificar e comentar as etapas do fascismo.<br>▪ |
| | ▪ HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional. | ▪ Explicar a evolución do contexto histórico internacional ao longo da etapa, e como aquel afectaba ao Réxime |
| | ▪ HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica do país. | ▪ Comprender a evolución económica do Franquismo dende a autarquía ata a crise do Petróleo |
| | ▪ HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas. | ▪ Valorar o proceso de modernización socio-cultural que experimentou o país |
| | ▪ HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo. | ▪ Identificar os principais opositores ao Réxime e a súa evolución ao longo do periodo. |
| | ▪ HEB11.1.11. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ Realización e comentario de esquemas e liñas temporais |
| ▪ B11.2. Describir a diversidade cultural do período, distinguindo as súas manifestacións. | ▪ HEB11.2.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo. | ▪ Realización e comentario de esquemas e liñas temporais |
| | | |
| ▪ B12.1. Describir as dificultades da transición á democracia desde o franquismo nun contexto de crise económica, e explicar as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas. | ▪ HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha. | ▪ Identificación dos factores da transición. |
| | ▪ HEB12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición. | ▪ Identificación dos factores da transición |
| | ▪ HEB12.1.3. Describe as | ▪ Identificación dos factores da |

| | | |
|---|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
| | actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc. | transición |
| | ▪ HEB12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa. | ▪ Identificación dos factores da transición |
| ▪ B12.2. Caracterizar o novo modelo de Estado democrático establecido na Constitución de 1978, especificando as actuacións previas encamiñadas a alcanzar o máis amplo acordo social e político. | ▪ HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais. | ▪ Comparativa das constitucions españolas |
| | ▪ HEB12.2.2. Describe como se estableceron as preautonomías de Cataluña e o País Vasco. | ▪ Comprensión básica do estado das autonomías |
| ▪ B12.3. Analizar a evolución económica, social e política de España desde o primeiro Goberno constitucional de 1979 ata a aguda crise económica iniciada en 2008, sinalando as ameazas máis salientables ás que se enfronta e os efectos da plena integración en Europa. | ▪ HEB12.3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas. | ▪ Realización e comentario de esquemas e liñas do tempo |
| | ▪ HEB12.3.2. Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración. | ▪ Identificar as principais liñas das relacións internacionais españolas nos últimos 40 anos |
| | ▪ HEB12.3.3. Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo en 1979 ata o comezo da crise financeira mundial de 2008. | ▪ Comprensión do contexto socio-económico dos últimos 40 anos |
| | ▪ HEB12.3.4. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc. | ▪ Identificar os principais problemas da Transición |
| | ▪ HEB12.3.5. Representa unha liña do tempo desde 1975 ata os nosos días, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | ▪ Realización e comentario de esquemas e liñas temporais |

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|---|
| ▪ B12.4. Resumir o papel de España no mundo actual, especificando a súa posición na Unión Europea e as súas relacións con outros ámbitos xeopolíticos. | ▪ HEB12.4.1. Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo. | ▪ Identificar as principais liñas das actuais relacións internacionais españolas |

# PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

## PROCEDEMENTOS.

Neste curso o exame é fundamental o comentario histórico, polo tanto os procedementos a valorar son os que permitan a realización dun bo comentario de texto:

- Identificación e valoración da fonte. Visión crítica da mesma. Neste apartado tamén se pode incluir o autor se é coñecido.
- **U**bicación do texto nun contexto histórico determinado, explicando as características xerais do periodo.
- Idea central, clara e concisa, como moito unha frase.
- Comentario propiamente dito, distinguindo as partes do documento e detallando pormenorizadamente o por qué destas afirmacións ou datos e a relación con outros elementos importantes. É vital non perder de vista que se trata dun comentario, polo que non hai nin que desenvolver un tema nin facer unha paráfrase do texto . Hai que ir máis alá, analizando o documento e extraendo toda a información posible.
- Por último a conclusión, cas posibles consecuencias dese feito no posterior desenvolvemento dos acontecementos.
- É esencial a claridade e a orde narrativa. As partes do comentario sempre deben seguir a orde estabrecida (non son preguntas curtas que se poidan facer salteadas).
- Por documentos non se entende simplemente textos escritos, senón unha ampla gama de fontes suceptibles de ser usadas en historia:

Gráficas estadísticas, de demografía ou economía.

Mapas históricos de todo tipo.

Planos urbáns.
Fotos e debuxos.
Eixos cronolóxicos
Mapas conceptuais
Películas e documentais.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

**Contidos conceptuais**: As probas escritas reflectirán os contidos traballados na clase, incluíndo: textos, gráficas, estatísticas, mapas, estudos comparativos, desenvolvemento dun tema, etc. Ditas probas serán parecidas ás que se realizan na Selectividade.

**Contidos procedementais e actitudinais**: a observación, que permitirá seguir o ritmo de clase en canto á adquisición dos contidos conceptuais ou dos procedementais e, sobre todo, dos actitudinais no que se refire, tanto ao interese pola materia como ás actitudes sociais máis relevantes, tales como a convivencia, a tolerancia, a solidariedade e a participación crítica.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación fixados polo Departamento teñen como finalidade avaliar ao alumnado non só en canto ás súas capacidades senón tamén en canto ás súas actitudes ante a materia que se lle está a impartir.

Polo tanto, os criterios para avaliar ao alumnado baséanse en que este responda positivamente aos contidos procedimentais como aos actitudinais.

En conclusión, a avaliación debe mostrar que alumnos/as:

- Recordar e seleccionar conceptos, informacións e procesos propios de materia e os empregan de forma clara e coherente.
- Aplicar as destrezas necesarias para a realización de comentarios de texto, análise e interpretación de gráficas, estatísticas, mapas...

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Faranse dúas probas escritas na primeira e segunda avaliación, dando como resultado unha nota media en cada avaliación.
Na terceira avaliación farase unha única proba.
Para a nota final de curso farase a media das cinco probas realizadas.
As probas consistirán nun comentario de texto e/ou nunha serie de preguntas breves.
Tanto o comentario como cada pregunta levarán a puntuación que valen en cada caso, sobre un total de 10 puntos.
Á hora de cualificar unha proba se terán en conta os seguintes aspectos:

- Digresións ou desaxuste no que se refire ao preguntado na proba escrita.
  A resposta será valorada cun cero.
- Erros cronolóxicos: restarase ata un 50% da valoración da pregunta.
- Ausenza de referencias cronolóxicas nos casos onde proceda: restarase ata un 25% da valoración global da pregunta.
- Incoherencia á hora de expoñer as ideas: restarase un 25% da valoración global da pregunta.
- Mala presentación: restarase un 10% da valoración global da proba.
- Faltas de ortografía: por cada 10 faltas se restará o 10% da valoración global da proba.

Os alumnos que teñan interese en facer un traballo académico voluntario sobre algún aspecto da materia, deben comunicarllo ao profesor. Este traballo pode aumentar a nota final ata medio punto. O profesor indicará unas pautas para facelo.

- **En caso de confinamento e non poderse facer exames escritos**: o alumno/a enviará un traballo escrito ao profesor/a por correo electrónico sobre calquer tema relacionado coa materia impartida. O tema será previamente consensuado co profesor. Será calificado sobre 10 puntos.

**A proba extraordinaria** de Historia de España de Segundo de Bacharelato, incluirá a materia que foi explicada ao longo do curso académico; no caso de que a materia non fora impartida na súa totalidade, a proba incluirá só a materia obxecto de explicación ao longo do curso.

- **En caso de confinamento e non poderse facer exames escritos**: o alumno/a enviará un traballo escrito ao profesor/a por correo electrónico sobre calquer tema relacionado coa materia impartida. O tema será previamente consensuado co profesor. Será calificado sobre 10 puntos.

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A lexislación educativa establece que a metodoloxía didáctica no Bacharelato debe favorecer a

capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos axeitados de investigación e que debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.
A forma de acadar estes obxectivos queda en cada caso a xuízo do profesorado, en consonancia coa súa concepción do ensino e coas características do seu alumnado.
Resulta conveniente utilizar estratexias didácticas variadas, que mesturen a exposición teórica de conceptos coa realización de actividades prácticas.
A exposición teórica dos conceptos pode ser previa ou posterior á execución das actividades prácticas ou poden mesturarse ambas. É o profesorado quen decide en cada momento a estratexia máis axeitada.
A realización de actividades é esencial na nosa disciplina posto que cumpren os seguintes obxectivos:

- Afianzan a comprensión dos conceptos e permiten ao profesorado comprobalo de maneira inmediata.
- Permiten dar a dimensión práctica dos conceptos.
- Constitúen a base para traballar cos procedementos característicos do método histórico.

Os **criterios** para seleccionar as actividades son:

- Desenvolver a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, utilizando diversas estratexias.
- Favorecer a aprendizaxe significativa ao permitir comparar o punto de partida previo á súa realización e o acadado despois da execución e corrección da actividade.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que esixan unha intensa actividade mental e leven a reflexionar e a xustificar as afirmacións ou actuacións.
- Estar perfectamente interrelacionadas cos contidos teóricos.
- Ter unha formulación clara para que o alumnado entenda sen dificultade o que debe facer.
- Permitir afianzar os conceptos, traballar os procedementos (textos, imaxes, gráficas, mapas...), desenvolver actitudes que fomenten a formación humana e atender á diversidade na aula (actividades con distinto grao de dificultade).
- Permitir aplicar os coñecementos á realidade.
- Motivar e conectar cos intereses do alumnado, facendo alusións aos temas actuais ou relacionados co seu contorno.
- Fomentar a participación individual e en grupo.
  Permitir apreciar a interdisciplinariedade das Ciencias Sociais.

## DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

No primeiros días do curso realizarase unha proba que permita valorar o grao de coñecementos de cada alumno/a.
Ademais, o profesor, durante as explicacións dos contidos, fará preguntas á clase e delas poderanse deducir tamén os coñecementos do alumnado.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O libro de texto é **Historia de España** da editorial **Vicens Vives**s. A teoría será complementada con apuntes dados polo profesor cando o considere necesario.
Consideramos interesante a utilización de documentais e películas que completen a aprendizaxe que o alumnado adquiriu sobre un determinado tema.

### MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os distintos tipos de contidos de Hª de España (conceptos, procedementos e actitudes) poden tratarse con distinto grao de dificultade, dende un nivel máis elemental, que correspondería aos contidos mínimos, ata unha maior profundidade dos coñecementos desta disciplina.
Os contidos que se lle aportan ao alumnado mediante os apuntamentos teñen un nivel de profundidade importante, propio de 2º de Bacharelato, pero a clara estrutura na organización dos contidos conceptuais permite unha fácil esquematización dos mesmos.
Os contidos procedementais trabállanse mediante as actividades establecidas para os exames da Selectividade. En todo caso é o profesor terá en conta as características do seu alumnado.

## 2º BACHARELATO: XEOGRAFÍA, HISTORIA E ARTE DE GALICIA

### CONTIDOS, ESTÁNDARES E TEMPORALIZACIÓN

| CONTIDOS | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|
| 8. B1.1. Localización no tempo e no espazo e contextualización dos procesos, as estruturas e os acontecementos relevantes da xeografía e a historia de Galicia, identificando os elementos que contribuíron a configurar os trazos da paisaxe, das formas de poboamento e da sociedade galega actual:<br>– Coñecemento das ferramentas e dos métodos propios da ciencia xeográfica. Análise de planos, mapas e representacións gráficas. Dominio do concepto de espazo xeográfico.<br>– Método histórico: procura, selección e interpretación da información procedente de diversas fontes primarias e secundarias (textos, mapas, gráficos, imaxes, documentación familiar e persoal, prensa e arquivos locais), así como a fornecida polas tecnoloxías da información e da comunicación, para elaborar explicacións históricas rigorosas por escrito ou oralmente.<br>Elaboración de traballos sobre procesos e feitos destacados da historia e da xeografía de Galicia, aplicando as técnicas de investigación propias das ciencias sociais no contorno espacial e relacional do alumnado, formulando explicacións en perspectiva comparada cos marcos español, europeo e global. | 9. XHGB1.1.1. Selecciona, analiza e utiliza a información que achega a documentación xeográfica e histórica de diversa natureza, e manexa as tecnoloxías da información e da comunicación.<br>XHGB1.1.2. Formula explicacións razoadas e críticas da evolución xeográfica e histórica de Galicia, comunicadas oralmente e por escrito, que demostren as súas capacidades para chegar a sínteses e conclusións relevantes, alcanzando o desenvolvemento da conciencia para a preservación do patrimonio cultural e da paisaxe galega | Setembro |

| | | |
|---|---|---|
| B2.1. Características físicas do territorio galego: formación do relevo, unidades xeomorfolóxicas, acción erosiva e tipos de solo. | XHGB2.1.1. Identifica e coñece as unidades xeomorfológicas de Galicia e coñece a súa evolución xeolóxica. | Outubro |
| B2.2. Variantes climáticas de Galicia e factores que as determinan. | XHGB2.2.1. Describe e compara as variantes climáticas de Galicia, analizando os factores e os elementos característicos destes a través de mapas de tempo, gráficas climáticas, etc | Outubro |
| B2.3. Rede hidrográfica de Galicia. | XHGB2.3.1. Identifica os recursos hídricos e relaciónaos coas súas posibilidades de aproveitamento sustentable. | Outubro-Novembro |
| B2.4. Paisaxes naturais galegas. | XHGB2.4.1. Localiza no mapa as paisaxes naturais, e identifica e formula os problemas suscitados pola acción humana. | Novembro |
| 65. B3.1. Fontes e procedementos para o estudo da demografía de Galicia. Evolución histórica e realidade actual:<br>– Distribución territorial da poboación. Desequilibrios entre a costa e o interior.<br>– Movementos naturais de poboación.<br>– Migracións históricas e actuais: razóns estruturais e conxunturais.<br>Espazo urbano de Galicia. Eixe atlántico. | XHGB3.1.1. Identifica e analiza os problemas demográficos e urbanos, coa metodoloxía que lle é propia. | Novembro |
| B3.2. Evolución histórica dos sistemas de explotación agraria, gandeira e forestal en Galicia. Pesca e acuicultura. Política agraria común (PAC). | XHGB3.2.1. Identifica e coñece as actividades propias do sector primario, así como a modernización agraria de Galicia experimentada a partir do primeiro terzo do século XX. | Decembro |
| 83. B3.3. Fontes de enerxía e espazo industrial galego. Proceso de industrialización en Galicia. Fortalezas e debilidades dos sectores industriais galegos. | 85. XHGB3.3.1. Analiza as características do desenvolvemento industrial e comercial en Galicia, e explica os problemas e as expectativas principais de desenvolvemento na actualidade. | Decembro |
| 90. B3.4. Terciarización da economía galega. Influencia no PIB. Análise dos servizos e distribución do territorio. Transportes: eixes de fluxo comercial. Espazos turísticos como realidade e oportunidade de futuro. | 92. XHGB3.4.1. Explica a incidencia do sector de servizos na economía galega, e comenta gráficas e estatísticas que expliquen a articulación do tecido comercial e as súas múltiples interrelacións. | Decembro |
| | 2ª AVALIACIÓN: HISTORIA | |
| 107. XHGB4.1.2. Analiza a evolución da metalurxia e a súa vinculación coas rutas atlánticas de intercambio. | 103. XHGB4.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e o mundo megalítico. | Xaneiro |
| 111. XHGB4.1.3. Describe a evolución do mundo castrexo e coñece os principais depósitos arqueolóxicos, tanto costeiros como do interior. | 108. | Xaneiro |
| | 112. | |
| 118. B4.2. Incorporación da Fisterra atlántica á civilización romana:<br>– Conquista romana do Noroeste peninsular.<br>– Proceso de romanización: organización administrativa e institucional da Gallaecia; cambios no poboamento e na estrutura social; novos usos económicos; desenvolvemento cultural do Noroeste peninsular. | 113. XHGB4.2.1. Explica, con criterios derivados da metodoloxía histórica, o concepto de romanización. | Xaneiro-febreiro |
| 126. B4.3. Reino suevo, avances na cristianización e integración na monarquía visigoda. | 120. XHGB4.3.1. Resume as características do reino dos suevos canto a organización política, modo de vida, crenzas e polaridade social. | Febreiro |
| 141. B4.4. Galicia na Idade Media:<br>– Características da sociedade feudal galega; integración no reino astur-leonés; primeira acepción de Galicia como Reino e o seu mantemento honorífico ao longo do Antigo Réxime. Expansión artesanal, comercial e urbana arredor dos camiños de Santiago e das zonas costeiras: Compostela e Pontevedra. Auxe do monacato.<br>– Mudanzas baixomedievais: crise demográfica; economía urbana e vilega: conflitos sociais e guerras irmandiñas; pacificación do territorio e nova administración estendida polos Reis Católicos. | 128. XHGB4.4.1. Explica a evolución política dos reinos peninsulares e o papel representado polo territorio de Galicia nese proceso.<br>129. XHGB4.4.2. Comenta a evolución económica da Galicia medieval posta en relación coa súa estrutura social.<br>130. XHGB4.4.3. Elabora un traballo que explica a transcendencia do camiño de Santiago na Idade Media europea, sinalando os diferentes camiños a Compostela e as principais poboacións que atravesan. | Febreiro |
| 155. B5.1. O Reino de Galicia no Antigo Réxime. A integración dunha sociedade tradicional nos presupostos | XHGB5.1. Explica as consecuencias das reformas administrativas implantadas polos Reis Católicos e as | Marzo |

| | | |
|---|---|---|
| da monarquía hispánica. | características da expansión demográfica e económica dos séculos XVII e XVIII, comparándoas co contexto ibérico e europeo da época. | |
| 164. B5.2. Éxito dunha sociedade tradicional: demografía galega no Antigo Réxime. | XHGB5.2.1. Representa gráficas explicativas das tendencias demográficas | Marzo |
| 173. B5.3. Actividades económicas: economía de base agraria; manufacturas artesanais e iniciativas protoindustriais (transformacións nos sectores do curtume, a pesca e a metalurxia); exemplo de Sargadelos; comercio interior e exterior (intercambios con América); establecemento do arsenal de Ferrol. | XHGB5.3.1. Elabora traballos sobre o desenvolvemento da economía galega de Antigo Réxime | Marzo |
| 182. B5.4. A sociedade galega durante a Idade Moderna: elites rurais (nobreza absentista e fidalguía rendista), campesiñado, diversos sectores do clero, comerciantes, e artesáns e artesás nas vilas e nas cidades. Formas de vida e mentalidades colectivas dos grupos sociais. | XHGB5.4.1. Fai un relato crítico en torno ás estruturas sociais na Idade Moderna. | Marzo |
| 191. B5.5. Institucións políticas do Antigo Réxime; organización do territorio e reformismo borbónico en Galicia: Real Audiencia, Xunta do Reino, corrixidores e intendentes, fábricas e arsenais. Ilustración en Galicia: ensino, ciencia, pensamento e cultura letrada; reflexións de arbitristas e ilustrados. | 157. XHGB5.5.1. Describe as principais institucións da Galicia do Antigo Réxime, as súas funcións e a súa evolución histórica. | Marzo |
| | .3ªAVALIACIÓN | |
| 199. B6.1. Absolutistas e liberais:<br>– Papel da Igrexa; guerra contra Francia; problema carlista e expansión do liberalismo nas cidades durante o reinado de Fernando VII.<br>– Implantación da nova estrutura político-administrativa e institucional do Estado liberal en Galicia durante o reinado de Isabel II. Provincialismo. | XHGB6.1.1. Entende os principios ideolóxicos que influíron na evolución da organización política da sociedade galega dos séculos XIX e XX, desde a desmobilización imposta polo clientelismo ata a construción dunha sociedade aberta, inclusiva e participativa. | Abril |
| 207. B6.2. Difícil tránsito da sociedade e a demografía galega cara á modernidade:<br>– Esgotamento do complexo agrario e crise das manufacturas domésticas na primeira metade do século XIX: desaxustes demográficos e comezos da emigración masiva a América.<br>– Desigual balance do proceso desamortizador.<br>– Permanencias no mundo rural e os cambios lentos nas vilas e cidades: devalar das vellas elites rurais e formación dunha pequena burguesía comercial de orixe foránea. | XHGB6.1.1. Entende os principios ideolóxicos que influíron na evolución da organización política da sociedade galega dos séculos XIX e XX, desde a desmobilización imposta polo clientelismo ata a construción dunha sociedade aberta, inclusiva e participativa. | Abril |
| | | |
| 217. B6.3. Galicia na Restauración: as quendas e o fenómeno do caciquismo. Redes clientelares dos partidos dinásticos como mecanismo de exercicio do poder; organizacións políticas dos novos grupos sociais; mobilización agrarista do campesiñado. | XHGB6.2.1. Describe as dificultades suscitadas polo cambio de paradigma político e social no século XIX galego. | Abril |
| | | |
| 225. B7.1. Unha sociedade en cambio:<br>– Evolución demográfica e éxodo ultramarino: características e consecuencias da emigración de retorno.<br>– Auxe da burguesía industrial e comercial; proletarización do campesiñado; desaparición da fidalguía; persoas retornadas da emigración.<br>– Transformacións no sistema agrario galego: mercantilización das pequenas explotacións familiares, privatización dos montes comunais, especialización produtiva, e aplicación dos avances científicos e tecnolóxicos nas primeiras décadas do século XX.<br>– Desenvolvemento industrial e comercial: pesca, sector hidroeléctrico, comunicacións e sistema financeiro; orixes da banca galega. | XHGB6.2.2. Elabora un repertorio gráfico que reflicta os resultados dos procesos desamortizadores en Galicia.<br>XHGB7.1.1. Describe as peculiaridades da evolución económica da Galicia anterior á Guerra Civil, a importancia dun morno desenvolvemento e as súas consecuencias sociais e políticas. | Abril |
| 235. B7.2. Afundimento do sistema político da Restauración e procura de solucións democráticas. II República e primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia. | XHGB6.3.1. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración | Abril-maio |

| | | |
|---|---|---|
| – Evolución política de Galicia desde o Rexionalismo ata a xeración das Irmandades: organizacións políticas; autonomismo; Estatuto de 1936.<br>– Polarización da sociedade galega durante a II República. Primeiras formas de participación feminina en política. | | |
| | | |
| 245. B8.1. Guerra Civil:<br>– Sublevación militar e papel durante a Guerra Civil e a posguerra.<br>– Posguerra: fame, racionamento e estraperlo; consecuencias económicas e sociais da política autárquica durante o primeiro franquismo. | XHGB7.2.1. Diferencia a ideoloxía das forzas políticas de apoio e oposición á II República, e describe as súas razóns e XHGB8.2.1. Diferencia as etapas do franquismo, as razóns para a perpetuación dun sistema e as súas características esenciais. as principais actuacións. | maio |
| 256. B8.2. Anos do desenvolvemento e tardofranquismo:<br>– Pegada das políticas de desenvolvemento en Galicia: transformacións económicas e sociais; consecuencias dos plans de desenvolvemento en Galicia.<br>– Tardofranquismo: inestabilidade política, apoios e oposición ao réxime. | 227. XHGB7.2.1. Diferencia a ideoloxía das forzas políticas de apoio e oposición á II República, e describe as súas razóns e as principais actuacións. | maio |
| | | |
| 267. B9.1. Realidade galega actual:<br>– Proceso autonómico e consecución do Estatuto no contexto da transición á democracia en España.<br>– Evolución política da Galicia autonómica; construción dunha administración propia desde 1977 á actualidade. | XHGB8.1.1. Analiza e explica a multicausalidade dos procesos históricos, a natureza dos réximes políticos e a súa capacidade para institucionalizarse e xerar apoios sociais<br>. | maio |
| 278. B9.2. Integración na Unión Europea e novos retos sociais e económicos:<br>– Proceso da integración na Unión Europea: consecuencias estruturais para os sectores produtivos e para a sociedade galega.<br>– Cambios sociais, económicos e culturais: construción do Estado de benestar e posta en valor dos propios recursos. | 247. XHGB8.1.1. Analiza e explica a multicausalidade dos procesos históricos, a natureza dos réximes políticos e a súa capacidade para institucionalizarse e xerar apoios<br>248. XHGB9.1. Explica as mudanzas estruturais e o papel dos actores individuais e colectivos na construción dunha sociedade democrática, participativa e comprometida coa preservación da nosa identidade cultural e da riqueza ambiental. sociais.<br>249. XHGB9.2. Analiza e explica o marco institucional e internacional da Galicia actual, valorando a democratización, o desenvolvemento económico e o benestar social alcanzados desde os anos 80 do século pasado. | maio |
| | | |

# ADECUACIÓN DOS ESTÁNDARES AOS CONTIDOS MÍNIMOS

| Estándares de aprendizaxe | Contidos mínimos |
|---|---|
| XHGB1.1.1. Selecciona, analiza e utiliza a información que achega a documentación xeográfica e histórica de diversa natureza, e manexa as tecnoloxías da información e da comunicación.<br>XHGB1.1.2. Formula explicacións razoadas e críticas da evolución xeográfica e histórica de Galicia, comunicadas oralmente e por escrito, que demostren as súas capacidades para chegar a sínteses e conclusións relevantes, alcanzando o desenvolvemento da conciencia para a preservación do patrimonio cultural e da paisaxe galega | -Uso obxectivo das fontes e visión crítica das mesmas |
| XHGB2.1.1. Identifica e coñece as unidades xeomorfológicas de Galicia e coñece a súa evolución xeolóxica. | -Identifica as serras, depresións e chairas de Galicia |
| XHGB2.2.1. Describe e compara as variantes climáticas de Galicia, analizando os factores e os elementos característicos destes a través de mapas de tempo, gráficas climáticas, etc | -Non hai contido mínimo |
| XHGB2.3.1. Identifica os recursos hídricos e relaciónaos coas súas posibilidades de aproveitamento sustentable. | -Identificar as vertentes e os usos do río |
| XHGB2.4.1. Localiza no mapa as paisaxes naturais, e identifica e formula os problemas suscitados pola acción humana. | -Identifica as distintas paisaxes naturais |
| XHGB3.1.1. Identifica e analiza os problemas demográficos e urbanos, coa metodoloxía que lle é propia. | -Rasgos básicos e principais problemas da poboación galega<br>-O sistema urbán galego |
| XHGB3.2.1. Identifica e coñece as actividades propias do sector primario, así como a modernización agraria de Galicia experimentada a partir do primeiro terzo do século XX. | -Identifica os rasgos básicos e a problemática do rural galego |
| XHGB3.3.1. Analiza as características do desenvolvemento industrial e comercial en Galicia, e explica os problemas e as expectativas principais de desenvolvemento na actualidade. | -Os problemas da industria.<br>-Identifica as paisaxes industriais |
| XHGB3.4.1. Explica a incidencia do sector de servizos na economía galega, e comenta gráficas e estatísticas que expliquen a articulación do tecido comercial e as súas múltiples interrelacións. | -Non hai contido mínimo |
| | |
| XHGB4.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e o mundo megalítico. | -Identifica os principais xacementos e as razóns do seu emprazamento |
| XHGB4.2.1. Explica, con criterios derivados da metodoloxía histórica, o concepto de romanización. | -Non hai contido mínimo |
| XHGB4.3.1. Resume as características do reino dos suevos canto a organización política, modo de vida, crenzas e polaridade social. | -Non hai contido mínimo |
| XHGB4.4.1. Explica a evolución política dos reinos peninsulares e o papel representado polo territorio de Galicia nese proceso.<br>XHGB4.4.2. Comenta a evolución económica da Galicia medieval posta en relación coa súa estrutura social.<br>XHGB4.4.3. Elabora un traballo que explica a transcendencia do camiño de Santiago na Idade Media europea, sinalando os diferentes camiños a Compostela e as principais poboacións que atravesan. | -Identifica os rasgos esenciais da Galicia medieval |
| XHGB5.1. Explica as consecuencias das reformas administrativas implantadas polos Reis Católicos e as características da expansión demográfica e económica dos séculos XVII e XVIII, comparándoas co contexto ibérico e europeo da época. | -As reformas dos RRCC<br>-O impacto de América: o millo e a pataca |
| XHGB5.2.1. Representa gráficas explicativas das tendencias demográficas | -Causas do aumento demográfico galego.<br>-Rasgos esenciais da poboación galega no AR |
| XHGB5.3.1. Elabora traballos sobre o desenvolvemento da economía galega de Antigo Réxime | -O foro. Sistema señorial<br>-A actividade comercial |
| XHGB5.4.1. Fai un relato crítico en torno ás estruturas sociais na Idade Moderna. | -Identifica os rasgos básicos da sociedade patriarcal:o petrucio |
| XHGB5.5.1. Describe as principais institucións da Galicia do Antigo Réxime, as súas funcións e a súa evolución histórica. | -A Real audiencia de Coruña.<br>-As 7 provincias |
| | |
| XHGB6.1.1. Entende os principios ideolóxicos que influíron na evolución da organización política da sociedade galega dos séculos XIX e XX, desde a desmobilización imposta polo clientelismo ata a construción dunha sociedade aberta, inclusiva e | -O sistema caciquil: orixe e funcionamento |

| | |
|---|---|
| participativa. | |
| XHGB6.2.1. Describe as dificultades suscitadas polo cambio de paradigma político e social no século XIX galego. | -A crise do sistema económico do AR.<br>-A sobrepoboación<br>-A emigración |
| XHGB6.2.2. Elabora un repertorio gráfico que reflicta os resultados dos procesos desamortizadores en Galicia.<br>XHGB7.1.1. Describe as peculiaridades da evolución económica da Galicia anterior á Guerra Civil, a importancia dun morno desenvolvemento e as súas consecuencias sociais e políticas. | A crise do sistema económico do AR.<br>-A sobrepoboación<br>-A emigración |
| XHGB6.3.1. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración | O sistema caciquil: orixe e funcionamento |
| XHGB7.2.1. Diferencia a ideoloxía das forzas políticas de apoio e oposición á II República, e describe as súas razóns e XHGB8.2.1. | As reformas da república<br>O estatuto de 1936 |
| XHGB7.2.1. . Diferencia as etapas do franquismo, as razóns para a perpetuación dun sistema e as súas características esenciais. as principais actuacións | Rasgos da represión franquista<br>Os plans de desarrollo en Galicia<br>A poboación galega no Franquismo |
| XHGB8.1.1. Analiza e explica a multicausalidade dos procesos históricos, a natureza dos réximes políticos e a súa capacidade para institucionalizarse e xerar apoios sociais<br>. | -Achegamento crítico ás fontes históricas |
| XHGB8.1.1. Analiza e explica a multicausalidade dos procesos históricos, a natureza dos réximes políticos e a súa capacidade para institucionalizarse e xerar apoios<br>XHGB9.1. Explica as mudanzas estruturais e o papel dos actores individuais e colectivos na construción dunha sociedade democrática, participativa e comprometida coa preservación da nosa identidade cultural e da riqueza ambiental. sociais.<br>XHGB9.2. Analiza e explica o marco institucional e internacional da Galicia actual, valorando a democratización, o desenvolvemento económico e o benestar social alcanzados desde os anos 80 do século pasado. | A Galicia autonómica<br>O impacto do ingreso na CEE-UE<br>Os problemas actuais |

A temporalización da secuenciación dos contidos e estándares poden variar a criterio do profesor que imparte a materia. Este curso o profesor seguirá a seguinte orde cronolóxica:

**1ª AVALIACIÓN: AS BASES XEOGRÁFICAS E HISTÓRICAS**

– ORIXE E CARACTERÍSTICAS DO RELEVO
  - Os procesos oroxénicos
  - As grandes zonas morfoestruturais
  - Os principais elementos do relevo galego

– CLIMA E PAISAXES
  - As variantes climáticas
  - O esquema hidrográfico
  - As paisaxes naturais

– PREHISTORIA E IDADE ANTIGA
  - Os primeiros poboadores
  - As primeiras manifestacións artísticas: petróglifos e megalitismo

- Os pobos galaicos: a cultura castrexa
- A romanización e o seu impacto

– IDADE MEDIA

- Os reinos xermánicos e a sua importancia na historia de Galicia
- O novo panorama xurdido da conquista musulmana
- A “inventio” do Apóstolo Santiago e as súas consecuencias
- O desenvolvemento do sistema señorial
- Definición do reino de Galicia e independencia de Portugal
- Os conflitos da Baixa Idade Media
- A evolución artística: prerrománico, románico, gótico

**2ª AVALIACIÓN: FORMACIÓN E TRANSFORMACIÓN DA GALICIA TRADICIONAL**

– IDADE MODERNA

- A nova organización administrativa e as súas consecuencias en Galicia
- O impacto do descobremento de América
- A sociedade galega na Idade Moderna
- O Barroco santiagués

– INICIOS DO SISTEMA LIBERAL

- As consecuencias da Guerra de Independencia
- As loitas entre liberais e absolutistas e o seu impacto en Galicia
- A nova estrutura xurídico-administrativa liberal
- A desamortización e os seus efectos

– RESTAURACIÓN E II REPÚBLICA

- A estabilización do sistema político: o caciquismo
- As esperanzas da II República.
- O espertar da identidade cultural

- TRANSFORMACIÓNS SOCIOECONÓMICAS
  - O colapso do sistema económico tradicional: a sobrepoboación
  - A emigración a América e as suas consecuencias
  - Os primeiros intentos industrializadores

**3ª AVALIACIÓN: A GALICIA ACTUAL**

- GUERRA CIVIL E FRANQUISMO
  - O golpe de estado e a represión
  - Galicia baixo o Franquismo
  - As formas de oposición e resistencia
  - A evolución económica
- TRANSICIÓN E DEMOCRACIA
  - A Transición en Galicia
  - O novo marco autonómico
  - As transformacións na sociedade
- POBOACIÓN E POBOAMENTO
  - As características da poboación galega
  - A distribución desigual da poboación no territorio
  - Os esquemas de poboamento
  - Os tipos de hábitat
- ACTIVIDADES ECONÓMICAS
  - O sector primario
  - O sector secundario
  - O sector terciario

## Contidos mínimos

- Coñecer de xeito máis exhaustivo a realidade xeográfica galega en todos os seus matices: xeolóxica, climatolóxica , biolóxica, económica e demográfica, resaltando a importanza dos condicionantes físicos na dinámica histórica (e actual) do país.
- Comentar obras de arte
- Recoñecer e situar no tempo e no espazo obras de arte representativas dunha época histórica, sinalando as diferentes concepcións estéticas e trazos estilísticos que permiten a súa clasificación.
- Recoñecer os principais estilos artísticos e coñecer a súa cronoloxía.
- Identificar e coñecer as principais características da España romana e recoñecer o rico e variado legado cultural deixado por Roma en Galicia. Coñecer as etapas prerromana e romana en Galicia.
- Identificar e situar cronolóxica e xeograficamente os principais pobos, sociedades e culturas que se desenvolveron no territorio galegona Prehistoria e na Idade Antiga e analizar algunhas das súas achegas máis representativas.
- Describir os trazos sociais, económicos, políticos, culturais e artísticos que caracterizan a Galicia medieval a partir das funcións desempeñadas pola nobreza, o clero e o campesiñado e recoñecer a súa evolución ata a aparición do Estado moderno.
- Situar no tempo e no espazo as diversas unidades políticas que se sucederon en Galicia durante a Idade Media, distinguindo as súas peculiaridades e recoñecendo na España actual exemplos da pervivencia do seu legado cultural e artístico, particularmente no mundo urbano.
- Valorar a identidade do período medieval galego nos seus momentos fundamentais, destacando o papel hexemónico que exerce a Igrexa na economía, na cultura ou na articulación do poboamento e establecendo unha relación entre as súas crises sociais e a xeral do feudalismo.
- Identificar, comprender e valorar os grandes cambios producidos a comezos da Idade moderna e o seu impacto na historia.
- Identificar os rasgos da monarquía absoluta da época.
- Expoñer as características sociais, económicas e políticas do Antigo Réxime derivando delas as transformacións que se producen en Europa no século XVIII e explicando os trazos significativos do reformismo borbónico en Galicia.
- Identificar os trazos fundamentais das revolucións industriais e liberal-burguesas, valorando os grandes procesos de transformación que experimentou o mundo occidental, e analizando as particularidades destes procesos e Galicia en comparación con outros exemplos representativos.
- Analizar os procesos de cambio desde a segunda metade do século XX, e aplicar este coñecemento á comprensión dalgúns dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.

- Identificar e caracterizar as distintas etapas da evolución política, social e económica de Galicia durante o século XX e os avances e retrocesos no camiño cara á modernización económica, á consolidación do sistema democrático, e á pertenza á Unión Europea.

**CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

| AVALIACIÓN |
|---|

## CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

**AVALIACIÓN:**

A confección da cualificación do alumnado inclúe os seguintes instrumentos e porcentaxes:

1. A)Actividades realizadas na aula: 40%
2. B)Preparación e comentario de documentos historiográficos: 20% (dúas por trimestre).
3. C)Elaboración e presentación dun porfolio escolar: 40%
4. D)Non se realizarán probas escritas teóricas.

**MECANISMOS DE RECUPERACIÓN:**

O alumnado que non tivese unha cualificación de "5-Suficiente" nunha avaliación trimestral deberá entregar de novo os apartados (A, B, C) nos que obtivera unha cualificación negativa. Agás os casos de forza maior, o prazo máximo de entrega destas actividades de recuperación será de 10 días lectivos tras a avaliación.

Para superar a materia na avaliación final, o alumnado deberá ter unha nota media superior a 4 puntos sobre 10 no conxunto das tres avaliacións trimestrais.

-

**Apartado A da avaliación: Rúbricas para valorar as actividades de aula: 40 % da nota final. O conxunto das actividades realizadas na aula farán media.**

- •Elaboración e manexo de mapas.
- •Confección de gráficos e liñas do tempo. Cálculos matemáticos. Manexo de escalas.
- •Exposición oral, debate e comunicación asertiva.
- •Elaboración de mapas conceptuais e cadros sinópticos

| Nivel | Rúbrica: Elaboración e manexo de mapas | Cualifica |
|---|---|---|
| 0 Insatisfactorio | Non presentado/realizado. Erros graves na localización de grandes unidades xeográficas, históricas e/ou políticas. Erros no uso da simboloxía e da lenda. Menos do 15% dos espazos a localizar. | 0 |

| | | |
|---|---|---|
| **1 Insuficiente** | Non localiza espazos concretos requiridos (accidentes do relevo, cidades, fluxos). Non extrae a información requirida ou comete erros graves ao facelo. Entre o 15-35% dos espazos a localizar. | **25% do exercicio** |
| **2 Suficiente** | Localiza correctamente a maioría das grandes unidades xeográficas, históricas e/ou políticas. Uso case sen fallos da simboloxía e da lenda. Localiza entre o 36-65% dos espazos concretos requiridos. | **50% do exercicio** |
| **3 Notable** | Localiza correctamente as grandes unidades xeográficas, históricas e/ou políticas. Uso sen fallos da simboloxía e da lenda. Localiza entre 66-85% dos espazos concretos requiridos. | **75% do exercicio** |
| **4 Excelente** | Localiza correctamente as grandes unidades xeográficas, históricas e/ou políticas. Uso sen fallos da simboloxía e da lenda. Localiza entre o 86-100% dos espazos concretos requiridos. | **100% do exercicio** |

| **Nivel** | **Rúbrica: Confección de gráficos e liñas do tempo. Cálculos matemáticos. Manexo de escalas.** | **Cualifica** |
|---|---|---|
| **0 Insatisfactorio** | Non presentado/realizado. Comete erros graves en operacións matemáticas básicas ou no manexo de escalas gráficas. Erros graves na fixación de periodizacións e uso da cronoloxía. Non extrae a información requirida ou comete erros graves ao manexar as TICs. | **0** |
| **1 Insuficiente** | Erros leves en operacións matemáticas básicas. Erros leves no uso e deseño de escalas gráficas. Erros leves na fixación de periodizacións e uso da cronoloxía. Extrae a información vaga, imprecisa ou pouco relevante ao manexar as TICs. | **25% do exercicio** |
| **2 Suficiente** | Sen erros nas operacións matemáticas básicas e no manexo das escalas gráficas. Fixación sen erros da periodización e cronoloxía básica. Extrae a información básica correcta ao manexar as TICs. | **50% do exercicio** |
| **3 Notable** | Sen erros no uso e deseño de escalas gráficas. Extrae algunha información requirida dos gráficos ou comete erros leves ao facelo. Fixación de acontecementos relevantes nas liñas do tempo. Extrae informacións secundarias relevantes manexando as TICs. Deseño coidado do exercicio. | **75% do exercico** |
| **4 Excelente** | Sen erros na execución de operacións matemáticas básicas e no uso e deseño de escalas gráficas. Extrae correctamente información requirida dos gráficos usando vocabulario específico. Incorpora gran variedade datos cronolóxicos con precisión nos eixos cronolóxicos. Relaciona informacións secundarias cos contidos impartidos na aula ao manexar as TICs. Deseño coidado e moi elaborado. | **100% do exercicio** |

| **Nivel** | **Rúbrica: Exposición oral, debate e comunicación asertiva** | **Cualifica** |
|---|---|---|
| **0 Insatisfactorio** | Non fai ningunha aportación. Emprega expresións irrespectuosas. Non modula o volume. Postura pouco axeitada. Falta de entusiasmo. Ausencia de orde e relación de ideas. Pouco ou ningún dominio do tema. Non emprega | **0** |

| | | |
|---|---|---|
| | recursos de apoio á exposición axeitados. | |
| **1 Insuficiente** | Emprega algunha expresión irrespectuosa. Non controla o volume ou a quenda ao falar. Postura pouco axeitada. Dominio dos aspectos básicos tema. Recursos de apoio á exposición escasos. | **25% do exercicio** |
| **2 Suficiente** | Emprega expresións respectuosas. Controla o volume e a quenda ao falar. Postura axeitada. Dominio dos aspectos básicos do tema. Recursos de apoio á exposición escasos. | **50% do exercicio** |
| **3 Notable** | Entusiasmo na execución da exposición. Dominio de ideas principais e desenvolve ideas secundarias. Emprega recursos variados. | **75% do exercico** |
| **4 Excelente** | Emprega expresións respectuosas. Controla o volume ao falar. Postura axeitada. Entusiasmo na execución da exposición. Dominio de ideas principais e ideas secundarias. Emprega datos precisos e vocabulario específico do tema. Emprega recursos variados. | **100% do exercicio** |

| **Nivel** | **Rúbrica: Elaboración de mapas conceptuais e cadros sinópticos** | **Cualificación** |
|---|---|---|
| **0 Insatisfactorio** | Non presentado. Erros graves no uso das categorías. Selección da información errónea ou irrelevante. Deseño descoidado. | **0** |
| **1 Insuficiente** | Erros leves no uso das categorías ou variables. Selección da información correcta pero imprecisa. Deseño descoidado. | **25% do exercicio** |
| **2 Suficiente** | Algún erro leve no uso das categorías ou variables. Selección da información correcta e precisa. Deseño do cadro ou rede aceptable. | **50% do exercicio** |
| **3 Notable** | Uso correcto das categorías ou variables. Selección da información correcta. Deseño do cadro ou rede coidado. | **75% do exercico** |
| **4 Excelente** | Uso correcto das categorías ou variables. Selección da información precisa. Inclusión de información secundaria relevante. Deseño do cadro ou rede moi coidado. | **100% do exercicio** |

## <u>Avaliación apartado B:</u> Rúbrica para o desenvolvemento dunha resposta construída aberta a partir dun o varios documentos ou fontes historiográficas: entregaranse 2 exercicios por avaliación. A nota final deste apartado será do 20% da nota final

| **Nivel de logro e peso na cualificación** | **Nivel 0 Insatisfactorio (0%)** | **Nivel 1 Insuficiente (30%)** | **Nivel 2 Suficiente (50%)** | **Nivel 3 Notable (70%)** | **Nivel 4 Sobresaliente (100%)** |
|---|---|---|---|---|---|
| **Corrección ortográfica e gramatical. Redacción.** 30% da proba | Exercicio non realizado. Múltiples erros ortográficos e gramaticais. Erros reiterados na concordancia de xénero e número. | Erros ortográficos e gramaticais puntuais. Erros puntuais na concordancia de xénero e número. Uso anecdótico da acentuación. | Erros ortográficos e gramaticais puntuais. Sen erros na concordancia de xénero e número. Erros puntuais na | Erros ortográficos e gramaticais anecdóticos. Sen erros na concordancia de xénero e número. Erros anecdóticos | Ausencia de erros (ou anecdóticos) ortográficos e gramaticais. Sen erros na concordancia de xénero e número. Acentuación sen erros. Uso correcto de |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Uso anecdótico da acentuación.<br>Uso incorrecto reiterado de maiúsculas e minúsculas.<br>Ausencia de orde; o texto carece de estrutura.<br>Abuso de asteriscos e nota ao pé de páxina.<br>Falta de claridade visual:<br>marxes, parágrafos e interliñado.<br>Carencia de obxectividade. | Erros puntuais no uso de maiúsculas e minúsculas.<br>Estrutura con escasa de orde.<br>Abuso de asteriscos e nota ao pé de páxina.<br>Pouca claridade visual:<br>marxes, parágrafos e interliñado.<br>Carencia de obxectividade. | acentuación.<br>Uso correcto de maiúsculas e minúsculas.<br>Redacción estruturada pero con carencias<br>en claridade visual: marxes, parágrafos e interliñado.<br>Obxectividade. | na acentuación.<br>Uso correcto de maiúsculas e minúsculas.<br>Redacción estruturada.<br>Claridade visual: marxes, parágrafos e interliñado.<br>Expresións adecuadas. | maiúsculas e minúsculas.<br>Redacción estruturada.<br>Claridade visual: marxes, parágrafos e interliñado.<br>Expresións adecuadas. |
| **Utilización do documento**<br>30 % da proba | Exercicio non realizado.<br>Non fai referencias ao documento.<br>Emprega o texto como pretexto (uso anecdótico).<br>Paráfrase: reprodución libre da fonte a analizar.<br>Erros graves na identificación ou interpretación do documento. | Utilización anecdótica ou puntual do documento.<br>Erros leves na identificación ou interpretación do documento. | Identificación correcta e contextualización básica do documento.<br>Identificación e análise das ideas principais do documento. | Identificación e contextualización histórica do documento.<br>Identificación e análise das ideas principais explícitas do documento.<br>Identifica algunha idea secundaria explícita ou implícita. | Identificación e contextualización histórica do documento.<br>Identificación e análise das ideas principais do documento.<br>Identifica e analiza ideas explícitas ou implícitas secundarias. |
| **Dominio da Cronoloxía**<br>20% da proba | Exercicio non realizado.<br>Ausencia de cronoloxía ou erros graves. Incoherencias no uso da cronoloxía. | Uso anecdótico da cronoloxía.<br>Datos cronolóxicos vagos, imprecisos ou irrelevantes.<br>Non distingue entre causas e consecuencias. | Uso da cronoloxía con<br>ausencias puntuais en datas relevantes. Erros leves.<br>Distingue dun xeito básico causas e consecuencias. | Uso correcto da cronoloxía<br>con imprecisións leves. Inclúe<br>as datas relevantes e algunha secundaria.<br>Distingue causas, consecuencias e sincronías nos procesos históricos. | Uso correcto e preciso da cronoloxía básica e secundaria.<br>Comprende as diversas causas, consecuencias e sincronías dos procesos históricos. |
| **Emprego de conceptos historiográficos**<br>20% da proba | Exercicio non realizado.<br>Non domina ningún aspecto do exercicio.<br>Respostas incorrectas ou irrelevantes. | Domina<br>algún concepto pun tual do exercicio.<br>Respostas incompletas, confusas, vagas e imprecisas.<br>Erros graves na comprensión dos procesos e conceptos históricos fundamentais. | Resposta básica.<br>Demostra comprensión do exercicio, aínda que faltan elementos na resolución do mesmo. Sen erros graves na comprensión dos procesos e conceptos históricos ou xeográficos fundam entais. | Resposta con aclaracións adicionais.<br>Demostra unha gran comprensión do exercicio, inclúe a maioría dos requirimentos do mesmo.<br>Sen erros graves na comprensión dos procesos e conceptos históricos ou xeográficos fundam entais. Carencias ou erros leves en conceptos secundarios | Resposta con precisións, Ben exposta e axustada. Concreción cronolóxica precisa, imbricación do concepto no seu contexto histórico.<br>Sen erros graves na comprensión dos procesos e conceptos históricos ou xeográficos fundament ais. Presencia sen erros en conceptos secundarios. |

**Apartado C da avaliación: Rúbrica para a corrección dun porfolio escolar. Xeografía e Historia de Galicia: 40% da nota da avaliación.**

Colección de probas ou evidencias que demostran que a aprendizaxe persoal necesaria para exercer determinadas competencias foi completado.

| **Nivel de logro e peso na cualificación Cada bloque val e o 50% da nota** | **Nivel 0 Insatisfactorio (0%)** | **Nivel 1 Insuficiente (30%)** | **Nivel 2 Suficiente (50%)** | **Nivel 3 Notable (70%)** | **Nivel 4 Sobresaliente (100%)** |
|---|---|---|---|---|---|
| **Presentación:** 1.Orde. 2.Limpeza. 3.Claridade. 4.Redacción e ortografía. | Non realizado. Ilexible. Ausencia de orde ou estrutura do traballo realizado. Carencia de deseño/ formato do material recompilado. Presencia de tachas, manchas, roturas importantes. Ausencia de orde; textos caóticos, carecen de estrutura. Abuso de asteriscos e nota ao pé de páxina. Falta de claridade visual: marxes, parágrafos e interliñado. Múltiples erros ortográficos e gramaticais. Erros reiterados na concordancia de xénero e número. Uso anecdótico da acentuación. Uso incorrecto reiterado de maiúsculas e minúsculas. | A organización ou estrutura préstase a confusións. Deseño/formato do material formulario ou básico. Presencia de tachas, manchas ou roturas puntuais. Caligrafía pouco comprensible, de lectura difícil. Estrutura con escasa de orde. Abuso de asteriscos e nota ao pé de páxina. Pouca claridade visual: marxes, parágrafos e interliñado. Erros puntuais na concordancia de xénero e número. Uso anecdótico da acentuación. Erros puntuais no uso de maiúsculas e minúsculas. | Estrutura clara e pertinente. deseño/formato formulario ou básico. Sen tachas, manchas ou roturas. Redacción estruturada pero con carencias en claridade visual: marxes, parágrafos e interliñado. Caligrafía clara. Sen erros na concordancia de xénero e número. Erros puntuais na acentuación. Uso correcto de maiúsculas e minúsculas. | Estrutura clara e pertinente. Deseño/formato formulario ou elaborado e orixinal. Sen tachas, manchas ou roturas. Redacción estruturada. Claridade visual: marxes, parágrafos e interliñado. Caligrafía clara. Sen erros na concordancia de xénero e número. Erros anecdóticos na acentuación. Uso correcto de maiúsculas e minúsculas. | Estrutura clara e pertinente. Deseño/formato formulario ou moi elaborado e gran orixinalidade. Sen tachas, manchas ou roturas. Redacción estruturada. Claridade visual: marxes, parágrafos e interliñado. Caligrafía clara integrada no deseño artístico do porfolio. Ausencia de erros (ou anecdóticos) ortográficos e gramaticais. Sen erros na concordancia de xénero e número. Acentuación sen erros. Uso correcto de maiúsculas e minúsculas. |
| **Recompilación de evidencias de aprendizaxe:** 1.Inclúe un glosario de termos. 2.Inclúe esquemas e mapas conceptuais. 3.Inclúe notas e apuntamentos de aula. 4.Inclúe bosquexos, esbozos, plantas, alzados ou gráficos e táboas estatísticas feitos | Non realizado. Inclúe erros graves na comprensión da materia. Evidencias recollidas anecdóticas ou puntuais. Ausencia total de 5 dos apartados valorados. | Inclúe numerosos erros leves na comprensión da materia. Evidencias recollidas anecdóticas en 5 ou máis dos apartados valorados. Ausencia total de 3 apartados valorados. | Inclúe erros leves puntuais na comprensión da materia. Evidencias recollidas anecdóticas en 3 apartados valorados. Ausencia total de un apartado valorado. | Erros leves anecdóticos na comprensión da materia. Evidencias recollidas anecdóticas en 2 dos apartados valorados. Inclúe todos os apartados valorados. | Sen erros na comprensión da materia. Evidencias numerosas e ben resoltas en todos os apartados. Inclúe reflexión e valoración analítica sobre o aprendido, sobre a problemática da conservación do patrimonio natural e histórico-artístico no pasado e/ou no mundo actual |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| polo alumno/a<br>5.Inclúe fotografías de obras de arte, personaxes históricas e paisaxes galegas.<br>6.Inclúe reflexións sobre o aprendido<br>7.Inclúe novas de prensa ou vinculacións do aprendido ca vida cotiá.<br>8.Inclúe mapas esquemáticos, mapas mudos autocompletados polo alumnado. | | | | | |

## DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

Nos primeiros días do curso realizarase unha proba que permita valorar o grao de coñecementos de cada alumno/a.
Ademais, o profesor, durante as explicacións dos contidos, fará preguntas á clase e delas poderanse deducir tamén os coñecementos do alumnado.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os distintos tipos de contidos da materia ( conceptos, procedementos e actitudes) poden tratarse con distinto grao de dificultade, dende un nivel máis elemental, que correspondería aos contidos mínimos, ata unha maior profundidade dos coñecementos desta disciplina.
En todo caso é o profesor terá en conta as características do seu alumnado.

PARA TODOS OS CURSOS:

**PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES**

A educación non é unha mera reproducción e aprendizaxe de coñecementos. O obxectivo final de todo proceso educativo é formar persoas, socializar ao alumnado para que sexan membros activos da comunidade na que viven, unha comunidade que inclúe ó planeta enteiro.Os valores convérsense nos eixos fundamentais da selección de contidos e das perspectivas de análise. Por iso, determinados conceptos pasan a primeiro plano na información e nas actividades: igualdade/desigualdade, poder, liberdade/opresión, pluralismo, partcicipación/imposición, poder absoluto/limitado, convivencia e paz/violencia, representación, separación/concentración de poderes, protección da vida privada, identidade múltiple (mundial, europea, española, galega, local), patrimonio, obediencia á lei/arbitrariedade.

A formación en valores refórzase tratando temas de especial interese e actualidade: Medioambiente, Patrimonio e Dereitos Humanos.

**ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR**

No Departamento de Ciencias Sociais considérase fundamental o fomento da lectura de cara a conseguir, ante todo, mellorar a comprensión e a expresión escrita.

Para iso traballarase con:

-textos históricos e xeográficos que teñan relación co temario do curso.
-selección de textos periodísticos, literarios, científicos... para facer ao alumnado competente nas lecturas de todo tipo de textos e lograr que tome conciencia de que poden aprender Historia ou Xeografía a través de medios escritos variados.

Ademais, faranse recomendacións de libros, novela histórica, sobre todo, para, ao mesmo tempo que se achega ao alumnado ao período histórico correspondente, sirva tamén para contribuír a transmitir o interese pola lectura.

Como exemplo desas novelas históricas:

- La Catedral del mar. I. FALCONES (tema medieval)
- El clan del oso cavernario . JEAN M. AUEL (Prehistoria)
- La mano de Fátima. I. FALCONES ($H^a$ Moderna de España)
- La verdad sobre el caso Savolta. E. MENDOZA (crise final do reinado de Alfonso XIII)

- La voz dormida. DULCE CHACÓN (guerrilla antifranquista e represión)

**ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**

Na Rede pódense localizar información referente ao tema que se estea a impartirpara realizar algún tipo de traballo ou mesmo ampliar informa.
Nos traballos realizados polo alumnado pódese utilizar o Power Point coa multiplicidade de recursos que ofrece.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

.
Valoraráse a posibilidade de levar a cabo actividades extraescolares, sempre tendo en conta a situación sanitaria do momento.

Esta sería a posible actividade que podería facerse se é o caso:

2º BACH. :

- Hª- Xª de Galicia: **visita a Santiago de Compostela**.

## INDICADORES DE LOGRO. REVISIÓN DAS PROGRAMACIÓNS

Os docentes deben someterse a un proceso constante de autoavaliación. Este proceso debe comprender todos os aspectos do seu traballo:

- **Materiais**: se o libro responde as necesidades da aula ou non. Hai que supervisar as páxinas recomendadas en internet, e o rigor das películas e documentais que se

proxectan, pois sempre supoñen un consumo de tempo importante e as veces non se reflexa na comprensión do alumno. É importante unha certa variación dos elementos para facer máis entretida a clase.

- **Metodoloxía**: está claro que en teoría o máis claro indicador é o número de aprobados na avaliación final. Un número moi alto de suspensos indica un claro problema. A dinámica das clases non debe ser monótona e facilitar a intervención, variando as actividades, organizando actividades extraescolares, etc. Hai que diseñar exames que se poidan facer no tempo estabrecido e axeitados ó nivel e ós conceptos a examinar.
- **A planificación** tamén debe ser revisada: as veces somos demasiado optimistas e vanse acumulando retrasos que impiden completala. Repercuten sobre todo actividades como a proxección de películas ou traballos, que son ben recibidas polos alumnos como unha saída da rutina pero que consumen moito tempo.
- **Transversalidade** . As ciencias sociais son bastante útiles para desenvolver os temas transversais. Se o alumno usa conceptos da asignatura noutras áreas, se amosa unha certa sensibilidade ás desigualdades, a violencia de xénero, unha visión crítica da sociedade e a economía, a asignatura cumpriu un dos seus obxectivos.

**A programación debe ser revisada** polo Departamento. Débese comentar o número de aprobados e suspensos, o material, a metodoloxía e os materiais de apoio. Todas as reflexións e as posibles solucións poderán quedar reflexadas no libro de actas.

**En caso de confinamento** nas súas variadas posibilidades (confinamento total polo resto do curso, por un certo tempo máis ou menos curto,…) o profesorado contactará co seu alumnado podendo utilizar as canles de comunicación que estén ao seu alcance: Cisco Webex, correo electrónico, Aula Virtual, etc.

O profesorado valorará o mellor xeito de aplicar a avaliación tendo en conta múltiples factores: canto tempo de confinamento é previsible, a qué altura de curso nos atopamos (canto falta para o remate do curso ou da avaliación primeira ou segunda, a materia xa impartida presencialmente,…).

**En Rianxo, a 8 de setembro de 2022**

**O profesorado do Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia do I.E.S. “Félix Muriel”**

Raúl Castro

Asdo:

Raúl Pérez (Xefe de Departamento)

Asdo:

Amancio Pampín

Asdo:

Darío Doval

Asdo: